



PEPRI CAMARIÑAS  
CONCELLO DE CAMARIÑAS

# DOCUMENTO PARA APROBACIÓN PROVISIONAL\_V.2

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

INFORMACIÓN  
TOMO I:  
MEMORIA INFORMATIVA

## **MEMORIA INFORMATIVA**

## ÍNDICE

<b>1.</b>	<b>INTRODUCCIÓN.</b>	<b>4</b>
1.1.	ANTECEDENTES.	5
1.2.	METODOLOXÍA.	5
1.3.	EQUIPO REDACTOR.	7
<b>2.</b>	<b>O MARCO TERRITORIAL.</b>	<b>8</b>
2.1.	CUESTIÓNS XERAIS.	8
2.2.	A DELIMITACIÓN PROPOSTA.	10
2.3.	PLANEAMENTO VIXENTE.	12
<b>3.</b>	<b>O MARCO HISTÓRICO.</b>	<b>19</b>
3.1.	SÍNTESE DA EVOLUCIÓN DA VILA NOS ÚLTIMOS SÉCULOS.	19
3.2.	A HISTORIA.	26
3.2.1.	Historia	26
3.2.2.	Patrimonio natural e cultural	33
3.2.3.	A parroquia de San Xurxo de Camariñas	36
3.2.3.1.	Festas e tradicións da freguesía	38
<b>4.</b>	<b>CARACTERIZACIÓN SOCIOECONÓMICA.</b>	<b>39</b>
4.1.	ANÁLISE DEMOGRÁFICA.	39
4.1.1.	Camariñas dentro da súa contorna.	39
4.1.2.	O conxunto municipal. As parroquias.	40
4.1.3.	Evolución histórica da poboación.	40
4.1.4.	Estrutura da poboación.	41
4.1.5.	Instrución da poboación.	44
4.2.	ANÁLISE ECONÓMICA.	45
4.2.1.	Socioeconomía.	45
4.2.1.1.	Introdución.	45
4.2.1.2.	Contextualización municipal.	45
4.2.1.3.	Emprego local.	46
4.2.2.	Sectores de actividade.	46
4.2.2.1.	O Municipio.	46
4.2.2.2.	A Comarca.	47
4.2.3.	Situación profesional.	48
4.2.3.1.	A ocupación da poboación,	48

4.2.3.2.	Poboación parada.....	49
4.2.3.3.	Poboación activa.....	51
4.2.4.	Man de obra estranxeira.....	53
4.2.5.	Tecido empresarial.....	54
4.2.5.1.	Empresas segundo a súa condición xurídica.....	54
4.2.5.2.	Empresas por número de asalariados.....	54
4.2.5.3.	Empresas por tipo de actividade.....	55
4.2.6.	As superficies comerciais.....	55
4.2.7.	Outros indicadores e cálculos.....	56
4.2.8.	O sector turístico.....	57
<b>5.</b>	<b>CARACTERIZACIÓN URBANÍSTICA.....</b>	<b>58</b>
<b>5.1.</b>	<b>ESTRUTURA DA PROPIEDAD.....</b>	<b>58</b>
<b>5.2.</b>	<b>ACTIVIDADE URBANA. USOS DO SOLO.....</b>	<b>74</b>
<b>5.3.</b>	<b>INFRAESTRUTURA URBANA.....</b>	<b>75</b>
5.3.1.	Viaro.....	75
5.3.1.1.	O viario supramunicipal.....	75
5.3.1.2.	O viario local.....	77
5.3.1.3.	Avaliación de prestacións do viario para vehículos e peóns.....	78
5.3.2.	O Transporte público.....	79
5.3.3.	Redes de servizo.....	80
5.3.4.	Recollida de residuos sólidos urbanos.....	82
<b>5.4.</b>	<b>DOTACIONES URBANÍSTICAS.....</b>	<b>86</b>
5.4.1.	Equipamentos.....	86
5.4.2.	Espazos libres e zonas verdes.....	87
<b>5.5.</b>	<b>EDIFICACIÓN.....</b>	<b>89</b>
5.5.1.	Alturas.....	89
5.5.2.	O estado da edificación.....	89
5.5.3.	Tipoloxías.....	90
5.5.4.	A edificación que precisa de especial protección polos seus valores histórico-artísticos, arquitectónicos ou urbanísticos.....	94
<b>5.6.</b>	<b>A ESCEA URBANA.....</b>	<b>97</b>
<b>6.</b>	<b>CONCLUSIONES.....</b>	<b>100</b>

## 1. INTRODUCCIÓN.

### 1.1. ANTECEDENTES.

A elaboración do presente Plan Especial de Protección e Reforma Interior (en diante PEPRI) do Casco Histórico de Camariñas foi acordada polo Concello, resultando orixinalmente adxudicataria dos traballos a empresa Consultora Galega S.L. o 30/11/2010. Posteriormente en marzo de 2011 encargóuselle á empresa TOPONOR S.A. os traballos de realización da cartografía a escala 1/500 (con levantamento taquimétrico e ortofoto) os cales estiveron listos en xuño dese mesmo ano. A necesidade de culminar a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Camariñas, onde xa se contiña o devandito ámbito do PEPRI fixo que os traballos do planeamento de desenvolvemento avansasen algo máis devagar do previsto, sendo intensificados de novo, trala aprobación definitiva do PXOM en decembro do ano 2012.

Entre os primeiros documentos a redactar estaba a consulta ao organismo ambiental (Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas) sobre a necesidade de someter o PEPRI ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica), aínda que o propio PXOM no que se atopa recollida a delimitación xa foi avaliado no seu momento, polo cal a principios do ano 2013 elaborouse un documento de consulta para que o organismo ambiental se pronunciase sobre a necesidade de sometemento ou non ao procedemento de AAE, que foi e entregado no Concello (que é o órgano promotor) en data 17/04/2013, e enviado por este ao órgano ambiental o 09/05/2013.

O órgano ambiental recibiu o documento de consulta sobre se someter ou non o PEPRI ao procedemento de AAE en data 13/05/2013, **emitindo con posterioridade o 20/05/2013 a seguinte resolución:**

***“Comunícolle que o Plan especial de protección e reforma interior do casco histórico de Camariñas non ten que someterse ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica por desenvolver un Plan Xeral que xa foi obxecto de avaliación ambiental.”***

A partires de marzo do ano 2017 fíxose cargo dos traballos de redacción a empresa Calixto Escariz S.L.U.

### 1.2. METODOLOXÍA.

Unha vez aprobado o Plan Xeral de Ordenación Municipal (26/12/2012), e resoltas as cuestións de ordenación máis prioritarias e territorialmente máis amplas, é o momento de abordar o estudo de detalle do ámbito do Casco Histórico da vila de Camariñas a través da elaboración dun plan especial.

O feito de pór a atención nun espazo máis reducido, e polo tanto con maior nivel de detalle,

implicaxa de por si que o achegamento ao coñecemento do mesmo vai ser gradual e a través de moitas e diversas fontes.

Nas primeiras fases do traballo vaise procurar levar a cabo un achegamento por unha tripla vía:

- I. A través do coñecemento da realidade física, mediante os traballos de campo, toma de datos de todo tipo, realización de cartografía, fotografías, etc.
- II. Por medio da análise de distinta documentación existente como pode ser planimetría histórica, documentos gardados en arquivos oficiais, libros e publicacións que puidesen ser de interese, etc.
- III. E por último, aínda que non por iso de menos importancia, a través da información que poden facilitar os propios veciños, que son os que mellor poden coñecer os problemas e necesidades que é preciso solucionar. Esta parte comezará coa elaboración dunha enquisa para poder concretar cal é a situación de partida e os puntos principais a abordar, e seguirá ao longo de todo o procedemento de tramitación do plan mediante reunións coas persoas interesadas, formulación de alegacións, etc.

En todo caso, cada fase do plan permitirá un maior grao de achegamento á realización do Casco Histórico sen pretender en ningún caso a formulación de solucións apriorísticas nin absolutas, entendendo polo tanto que a toma de decisións debe ser progresiva e revisable como tamén o é o coñecemento do propio espazo sobre o que se intervéen.

Este primeiro documento de diagnose é froito principalmente da análise dos apartados I e II anteriores, e entre estes en maior medida do primeiro que do segundo, debido a que parte da información foi solicitada aínda que non está dispoñible nestes intreos, e polo tanto irase incorporando a medida que sexa recibida e analizada. No que se refire á enquisa, dada a amplitude do ámbito e o interese por que sexa o máis representativa posible aínda non se conta cos resultados da mesma, sendo previsible que si estean incorporados na seguinte fase, onde a presente memoria informativa de diagnose será ampliada con novas achegas.

Con todo o anterior o que se quere transmitir é que a elaboración do PEPRI de Camariñas terá ao longo da súa tramitación un carácter aberto e iterativo, tanto no que se refire á toma de decisións como na incorporación da información e propostas, co obxectivo último de que a ordenación e as medidas nel contidos sexan útiles e asumidas como propias, tanto pola administración que vele polo seu cumprimento, como polas persoas residentes no ámbito ou relacionadas con el de calquera xeito.

### 1.3. EQUIPO REDACTOR.

Dende o inicio da tramitación do PEPRI ata a aprobación inicial do documento no ano 2016, os traballos de redacción do mesmo foron levados a cabo por un equipo da empresa Consultora Galega S.L. conformado polos seguintes profesionais:

**Dirección:**

Xoán Carlos Portela Regodeseves e Andrés Pino Moreno. Arquitectos.

**Área Xurídica:**

Ignacio Sanz-Jusdado Avogado.

**Área de Arquitectura:**

Diego Rodríguez Enríquez. Arquitecto.

Juan B. Rodríguez García. Arquitecto.

**Área de Patrimonio Cultural:**

Alberte Reboreda Carreira. Licenciado en Historia da Arte.

**Área de Medio Ambiente e Sostibilidade:**

Alfonso Bar Blanco. Biólogo.

Patricia Villot Cameselle. Bióloga.

**Equipo de Cálculo e XIS:**

Miguel A. Barreiro García. Xeógrafo.

Brais Penela San Luís. Delineante proxectista e técnico de cálculo.

**Equipo Auxiliar:**

Xulio Martínez Seco. Delineante proxectista.

Rosa M<sup>a</sup> Castro Vázquez. Administrativa.

Cando no ano 2017 a antedita empresa entrou en concurso de disolución, fíxose cargo dos traballos un novo equipo redactor da empresa Calixto Escariz S.L.U. que conta cos seguintes profesionais:

**Dirección xeral:**

Calixto Escariz Vázquez. Avogado.

**Dirección técnica:**

Diego Rodríguez Enríquez. Arquitecto.

**Equipo básico:**

Patricia Nespereira Sáez. Arquitecta.

Jorge Dacosta Tapia. Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos.

Belén Romero López. Avogada.

Alberte Reboreda Carreira. Licenciado en Historia da Arte.

Marina Otero Bouzada. Licenciada en Económicas.

**Equipo auxiliar:**

María Saa Álvarez. Administrativa.

Lourdes Rodríguez-Vila García. Administrativa.



## 2. O MARCO TERRITORIAL.

### 2.1. CUESTIÓNS XERAIS.

A vila de Camariñas é o asentamento máis importante e capital do concello homónimo, único costeiro dentro da comarca da Terra de Soneira. Esta zona do litoral que forma parte da denominada Costa da Morte, conta cunha costa moi pedregosa chea de numerosos baixos que teñen ocasionado numerosos naufraxios, sendo un dos máis tráxicos e coñecidos, polo número de vítimas o do cruceiro inglés HMS Serpent.

Da importancia dende antigo do porto dan testemuña a presenza, moi preto, de castros como o monte da Croa en Mourín e A Rega. Durante os séculos XV e XVI o encaixe, chegado dos Países Baixos, a través do comercio, das guerras en Flandes, e da peregrinación Xacobeá a Compostela, xa supuñan unha importante industria doméstica que tivo o seu maior esplendor no século XVIII coa exportación ás colonias, supondo a perda destas últimas, a crise do sector. No século XVIII leváronse a cabo dúas das máis senlleiras construcións da vila como son o Castelo do Soberano, mandado erixir polo monarca Carlos III para a defensa da ría, e a igrexa parroquial de San Xurxo de Buría erguida grazas á intervención de Domingo Antonio Domínguez Canosa, veciño de Buría emigrado ás Américas e logo retornado, ao cal se lle rende unha homenaxe floral cada ano na parroquia.

A vila xorde á beira do mar, en contacto coa zona abrigada que se estende dende Punta Insua ata a Punta do Castelo, ocupando lonxitudinalmente unha estreita franxa que iría aproximadamente dende o que hoxe é a praza de Colón no leste ata a rúa Médico Tomás de Artaza no suroeste. Trataríase dun tecido moi compacto formado por multitude de vivendas mariñeiras que en certos casos tamén estarían acompañadas dalgunha vivenda de maiores dimensións, propiedade da incipiente pequena burguesía e nobreza, das que aínda se poden atopar algúns exemplos. Na parroquia o outro referente era a aldea de Buría localizada máis ao norte, sobre unha pequena zona rochosa, e entre medias desta e da vila só terras de labor, no medio das cales se edificou no século XVIII a igrexa parroquial.

O desenvolvemento posterior fíxose a costa de ir colonizando ese espazo que mediaba entre a vila na costa e a aldea de Buría no interior, de xeito que se foi configurando un continuo edificatorio que acada as súas maiores densidades no sur en tanto no norte aínda existe un certo esponxamento, debido ao mantemento de parcelas tanto baleiras como pouco ocupadas, xa que en moitos casos se empregaban para o cultivo, en tanto que na zona costeira, practicamente a totalidade da parcela é ocupada polas construcións. O feito quizais máis traumático no que se refire á evolución da vila de Camariñas, tivo lugar nas últimas décadas do século XX, cando moitas edificacións tradicionais desapareceron para dar lugar nas novas construcións en altura,

de ata 5 plantas, que inzaron un tecido de pequenas parcelas e rúas estreitas levándose por diante outras construcións máis antigas, sen que mediase ningunha orde nin planificación, o que alterou a percepción do núcleo como un conxunto, para converterse en certas zonas nunha agregación un tanto caótica de vivendas individuais e colectivas, con fortes impactos sobre a paisaxe e mesmo sobre aspectos moito máis de detalle como a diminución do asollamento, etc. Estas cuestións xustifican xa de por si a decisión de realizar un plan especial, cuxa delimitación xa se recolle no PXOM de Camariñas, recentemente aprobado.

O labor do planeamento que agora se acomete tentará buscar as respostas máis acaídas ante os problemas que teñen os veciños do Casco Histórico de Camariñas, intentando ao tempo curar as feridas que o tecido histórico sufriu en tempos recentes, e procurando que dende a posta en marcha do PEPRI outra serie de iniciativas e actitudes máis sostibles e respectuosas tomen o relevo do anterior proceso de degradación.

A paisaxe, e máis nun contorno como é este da Costa da Morte, é un aspecto fundamental a valorar e conservar, e por iso as actuacións humanas que se insiren nese proceso de configuración paisaxística deben aspirar sempre ao maior grao de adecuación que sexa posible, para diminuír os impactos que se poidan producir polos usos e actividades dos seus habitantes e acadar unha excelencia na protección do medio ambiente, no baixo consumo de recursos e xeración dos residuos nos procesos de metabolismo urbano, na alta eficiencia enerxética e na protección de todo o patrimonio herdado, xa sexa este natural ou elaborado pola man do home.

O Plan Especial de protección e reforma Interior do Casco Histórico de Camariñas, deberá de tomar a situación actual como punto de partida, e dende ela, analizar como buscar e propor o camiño para que o espazo urbano sobre o que se actúa consiga, a través dunha ordenada metamorfose, evolucionar a un estadio onde paulatinamente desaparezan aqueles elementos discordantes coa esencia do núcleo por presenza, escala, etc. para acadar unha contorna claramente recoñecible como referente dentro do espazo costeiro, polos seus valores tanto de conxunto como aqueles que dependen da percepción en proximidade, á escala do observador que camiña polas rúas e goza de espazos pensados para resultaren agradables ao ser percorridos, contemplados, habitados en definitiva.

## 2.2. A DELIMITACIÓN PROPOSTA.

O PXOM de Camariñas xa continúa durante a súa tramitación a delimitación de proposta de redacción dun plan especial para boa parte da vila de Camariñas, polo que tras a tramitación e aprobación definitiva do mesmo considérase avalada a antedita delimitación polos distintos organismos e administracións que teñen competencia sobre os distintos aspectos que poden verse afectados polo desenvolvemento deste planeamento de desenvolvemento, e que novamente serán consultados ao longo deste novo procedemento de aprobación.

- a) As orixes da vila de Camariñas están no asentamento dos primeiros poboadores nas inmediacións dunha zona de praia orientada ao sueste, entre as puntas Insua e a denominada do Castelo, e protexida dos temporais dentro do ámbito da ría homónima onde ten a súa desembocadura o denominado Río Grande. A zona situada inmediatamente ao norte neste punto da costa, é unha agra de terreos bastante fértiles enmarcada en pequenos outeiros que a resgardan das inclemencias dos temporais marítimos, contando ao mesmo tempo cunha boa orientación para a captación da radiación solar, así como un clima polo xeral temperado e con importante subministración de choiva, o que o fai moi apta para o cultivo. Así pois, mar e campo deron orixe a dous asentamentos na parroquia, no bordo do mar a vila, e no interior nunha zona pedregosa nas marxes das terras máis aptas para o cultivo a aldea de Buría, entre medias no principio só había espazo agrícola e a igrexa de San Xurxo (antes coñecida como San Xurxo de Buría) que se edificou equidistante de ambos asentamentos.
- b) A evolución da vila levouna a ocupar a totalidade do espazo da fronte mariña naquelas zonas máis abrigadas e acaídas para construír segundo unha directriz lonxitudinal paralela ao areal onde hoxe se localiza o porto, tendo escaso desenvolvemento transversal á antedita directriz lonxitudinal, posteriormente o crecemento poboacional empuxou á ocupación do espazo agrario situado ao norte, absorbendo pequenos asentamentos poboacionais xurdidos no medio das terras cultivadas. En menor medida a aldea de Buría reproduciu este mesmo tipo de crecemento, neste caso en dirección sur, e loxicamente a unha escala menor, poñendo as bases da situación actual onde o edificado é un continuo de maior densidade nas zonas orixinarias e máis calado na zona central, onde a ocupación é máis recente e aínda existe un certo espazo baleiro entre as edificacións e dentro das propias parcelas edificadas. O ámbito do PEPRI participa dun núcleo orixinario moi compacto da vila, aínda que tamén na súa zona norte desas características de espazo agrícola en transición de recente ocupación. En tempos recentes moitas das

edificaci3ns tradicionais v3ronse substituídas por modelos unifamiliares e colectivos de vivenda, totalmente alleos 3s caracter3sticas e escala do preexistente, supondo unha clara ruptura do tecido tradicional e xerando problemas de todo tipo pola falta de adecuaci3n entre as novas construcci3ns e espazo no que se insiren.

- c) No que se refire 3 delimitaci3n proposta, o l3mite polo sur config3rao a zona do porto por onde percorre a principal v3a de acceso 3 capital que 3 a estrada AC-432 (Vimianzo AC-552-Camariñas) da Rede Primaria Complementaria auton3mica, que ao seu paso pola Vila toma distintos nomes como Cant3n Miguel Feijoo, Avenida Ambrosio Feijoo ou Alcalde Nogueira Patiño. O extremo m3is meridional localizado dentro do 3mbito conf3rmano a r3a do Bico e parte da r3a do Castelo. O l3mite oeste arrancar3a na r3a do Bico e continuar3a por parte da r3a Atalaia. Dende ela e baixando pola r3a Santa Ana chegar3amos 3 estrada de Vil3n que se atopa incorporada s3 nun pequeno tramo, e dende ela seguindo unha direcci3n sensiblemente paralela 3 liña do porto avanzar3amos polas r3as Trashortas, do R3o e Real ata chegar 3 Praza Maior, neste 3ltimo tramo tam3n se atopar3an dentro do 3mbito do PEPRI parte da r3a R3o do Prado. Dende a Praza Maior avanzando cara ao norte, o l3mite ir3a ao longo da r3a da Fonte e xirar3a ao chegar 3 Traves3a Calvario por onde ascende 3 r3a Calvario que non se atopa completamente incluída na zona do PEPRI pois o 3mbito est3 dividido en d3as partes e 3 xusto neste punto onde se atopan separadas. Na zona norte do PEPRI, que 3 a menor, o l3mite contin3a novamente pola r3a Calvario, nunha pequena parte pola Avenida Juan Carlos I e pola r3a A Grixax. O bordo norte do PEPRI m3rcao un tramo da r3a Virxe do Monte nas inmediaci3ns da igrexa parroquial de San Xurxo. A marxe leste do plan especial parte da r3a Virxe do Monte e segue ao longo da avenida Eug3nio L3pez, ata o punto onde se atopa coa r3a Pinz3n (que s3 se atopa incluída nunha moi pequena parte) para dende al3 xirar pola r3a Pizarro ata a r3a Mu3no do Vento que ao igual que acontece noutros casos s3 se recolleu de xeito parcial en atenci3n ao edificado nela.
- d) A delimitaci3n as3 definida abrangue **unha superficie de 122.032,44 m<sup>2</sup>**, ou sexa 12,20 Ha, distribuída en dous 3mbitos; un m3is pequeno localizado arredor da igrexa parroquial de San Xurxo de 29.954,52 m<sup>2</sup> e o maior ao sur, abranguendo boa parte do centro da vila e da fronte mar3tima da mesma con 92.077,92 m<sup>2</sup>. A delimitaci3n do PXOM de Camariñas recoll3a unha superficie para o PEPRI de 119.022,42 m<sup>2</sup>, sendo a diferenza consecuencia principalmente do axuste entre cartograf3as, das cales a 1/500 do presente plan espacial permite un maior achegamento 3 realidade parcelaria. **Con todo a diferenza entre ambas superficies 3.010,02 m<sup>2</sup>**, est3 por debaixo do valor m3ximo do 5 % que fixa o artigo 62.2 da LOUG como permitido

para a modificación do PXOM por parte dos plans parciais e plans especiais, acadándose neste caso **un valor do 2,52 %**. A alteración do ámbito na súa maior medida se produce no viario municipal, debido a que o PXOM en moitas zonas delimita o ámbito do PEPRI a eixo de viario, en tanto que a modificación feita polo plan especial busca incluír a sección completa das rúas para evitar problemas de interpretación e de valoración á hora de acometer as obras de reurbanización sobre o espazo público. No caso da parcela con referencia catastral 5156810MH8755N0001DI a delimitación do PEPRI reduciuse debido a que a delimitación do ámbito cortaba a propiedade en dúas partes, sendo a que se atopaba dentro do casco histórico a situada na parte posterior. Dado que as construcións existentes no predio non eran tradicionais, optouse por deixar a totalidade da parcela fóra do ámbito.

### 2.3. PLANEAMENTO VIXENTE.

No intre de redacción da presente Memoria Informativa de Diagnose está vixente dentro do concello de Camariñas o Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado á LOUG e aprobado definitivamente o 26 de decembro de 2012 (publicada no DOGA nº 7 do 10 de xaneiro de 2013). O antedito Plan Xeral xa contempla dentro das súas propostas a redacción dun plan xeral sobre a parte do solo urbano da capital municipal que se corresponde maioritariamente co Casco Histórico orixinario da vila.

Dentro da Normativa Urbanística recóllese referencia no artigo 6.3 ás zonas pendentes de redacción de plan especial, onde será de aplicación unha normativa transitoria ata que a devandita figura de desenvolvemento estea aprobada definitivamente, cuxas condicións, caso do PEPRI de Camariñas se atopan no artigo 6.3.2.

Tamén haberán de terse en conta todas as disposicións relacionadas co Plan de Ordenación do Litoral (POL) recollidas na documentación do plan xeral, en especial no que se refira ás da normativa urbanística, nomeadamente aquelas que fan referencia á consideración do núcleo de Camariñas como NIL, isto é núcleo de identidade do litoral, delimitación na que se atopan incluídas totalmente as dúas zonas correspondentes ao PEPRI de Camariñas.

Ademais é preciso sinalar que dentro do ámbito do PEPRI o Catálogo de Bens do PXOM inclúe os seguintes elementos:

DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓNS
<b>Casa das Romualdas</b>	Vivenda de tipoloxía vilega construída en 1868, destaca pola súa fermosa fachada principal, amén de acoller o barómetro do Serpent, afundido no 1890. Incluída no Catálogo do PXOM (A_084) cun grao

DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓNS
	de protección estrutural.
<b>Casa da Praza do Curro nº 4</b>	Vivenda de tipoloxía mariñeira que sufriu unha serie de nefastas intervencións que fan que só teña interese o piso terreo e as solainas dos balcóns (un deles apoiado en canzorros). Incluída no Catálogo do PXOM (A_082) cun grao de protección ambiental.
<b>Conxunto de vivendas da rúa Churruca nº 1-3</b>	Conxunto de vivendas de tipoloxía tradicional e vilega que presentan planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas; destacan os miradoiros sobre canzorros graníticos. Incluídas no Catálogo do PXOM (A_081) cun grao de protección estrutural.
<b>Lenzo mural da rúa Atalaia nº 9</b>	Muro rematado en altura por medio dunha serie de molduras corridas apoiada noutra de talón ou cimeira reversa, completa a súa decoración con placas angulares de estilo barroco e un xanelo central.  Incluído no Catálogo do PXOM (A_085) cun grao de protección integral.
<b>Casa da rúa Churruca nº 26</b>	Vivenda de tipoloxía tradicional que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. Incluída no Catálogo do PXOM (A_086) cun grao de protección ambiental.
<b>Casa da rúa da Rampa nº 5</b>	Vivenda de tipoloxía vilega que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. Incluída no Catálogo do PXOM (A_080) cun grao de protección estrutural.
<b>Casa da rúa da Cruz</b>	Casa erixida entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa planta principal unha serie de ocos equidistantes en forma de portasdaire con tornachuvias e algunha fiestra enrasada. Incluída no Catálogo do PXOM (A_087) cun grao de protección ambiental.
<b>Casa da rúa da Rampa nº 3</b>	Casa erixida entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal un miradoiro corrido na súa planta residencial que, antano, quizais fixo as veces de balconada. Incluída no Catálogo do PXOM (A_079) cun grao de protección ambiental.
<b>Casa da rúa da Rampa nº 2</b>	Casa erixida entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal unha balconada corrida con solaina de cantería que constitúe a principal singularidade do inmovible. Incluída no Catálogo do PXOM (A_078) cun grao de protección estrutural.
<b>Casa da rúa da Rampa nº 1</b>	Casa erixida entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal un miradoiro corrido con solaina de cantería que, antano, quizais fixo as veces de balconada. Incluída no Catálogo do PXOM (A_077) cun grao de protección ambiental.
<b>Casa da rúa da Cruz nº 2</b>	Casa levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal un miradoiro corrido con solaina de cantería coroado por unha pequena balaustrada ornamental. Incluída no Catálogo do PXOM (A_075) cun grao de protección estrutural.
<b>Vivenda da Praza do Carne nº 20</b>	Casa levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta un balcón corrido con solaina de cantería que ocupa a práctica totalidade da súa planta residencial, situando a ambos lados cadansúa portadaire individual.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_074) cun grao de protección

DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓNS
	ambiental.
<b>Vivendas da Praza do Carme nº 16, 18</b>	As casas, levantadas entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presentan na súa fachada principal senllos miradoiros corridos con solaina de cantería na súa planta residencial. Incluídas no Catálogo do PXOM (A_073) cun grao de protección ambiental.
<b>Vivenda da Praza do Carme nº 15</b>	Casa levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, presenta na súa fachada principal un miradoiro corrido con solaina de cantería no eixe da súa planta residencial. Incluída no Catálogo do PXOM (A_072) cun grao de protección estrutural.
<b>Conxunto de vivendas da rúa do Carme</b>	As fachadas de ambas casas, levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, sitúan senllos balcóns corridos con solaina de cantería protagonizando toda a súa planta residencial.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_071) cun grao de protección ambiental.
<b>Capela do Carme</b>	Capela situada nas proximidades do porto en coherencia co seu patronazgo. A simplicidade guía a organización da súa fachada, que sitúa no seu eixe a porta de acceso, un xanelo e unha modesta espadana dun único van.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_070) cun grao de protección integral.
<b>Casa da rúa Ambrosio Feijoo 3, 4</b>	A casa, levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, sitúa un balcón corrido con solaina de cantería protagonizando boa parte da súa planta residencial.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_076) cun grao de protección ambiental.
<b>Cruceiro da Praza do Carme</b>	Cruceiro figurado que posúe capitel moi moldurado baixo cruz achafranada con remates que apuntan un leve florenzado no que se fixan dúas imaxes de Cristo crucificado, coroa de espiñas, pano de pureza anoado á dereita e INRI sobre a cartela no anverso.  Incluído no Catálogo do PXOM (E_004) cun grao de protección integral.
<b>Casa da rúa Real nº 27</b>	A fachada érguese por medio de pedra granítica da modalidade de opus incertum parcialmente rebocada e pintada, reforzada nos eixes estruturais e ocos con cantería.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_069) cun grao de protección ambiental.
<b>Casa da rúa Real nº 17</b>	Casa levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, conta cun miradoiro corrido con solaina de cantería que protagoniza a fachada da súa segunda planta residencial.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_068) cun grao de protección ambiental.

DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓNS
<b>Casa con escudo da rúa Real nº 26</b>	A casa, levantada entre medianeiras, conta cun balcón individual con solaina de cantería apoiada en canzorros. Boa parte dos ocos deste piso articúlase a través de fiestras e portasdaire con tornachuvias coroadas por un valioso trabatel.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_067) cun grao de protección estrutural.
<b>Casa das Romeiras</b>	Casa levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, conta cun balcón corrido con solaina de cantería apoiada en canzorros que, xunto cun brasón, protagoniza a fachada.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_066) cun grao de protección estrutural.
<b>Vivenda da rúa do Medio nº 2</b>	A casa, levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, conta cun par de balcóns corridos con solaina de cantería que protagonizan o eixe da fachada da súa planta residencial.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_065) cun grao de protección estrutural.
<b>Casa da Praza Maior nº 7</b>	A casa conta cun fermoso miradoiro curvo armado en dous corpos na súa fachada penal que protagoniza a fachada da súa planta residencial.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_064) cun grao de protección estrutural.
<b>Casa da Praza Maior nº 2</b>	Casa levantada entre medianeiras, conta cun balcón na súa fachada costal que protagoniza a fachada da súa planta residencial, ao igual que o diáfano miradoiro que voa sobre a rúa no seu alzado penal.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_063) cun grao de protección estrutural.
<b>Casa da rúa da Fonte nº 8</b>	A casa, levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, conta cun balcón corrido con solaina de cantería que protagoniza a fachada da súa planta residencial.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_062) cun grao de protección estrutural.
<b>Casa da rúa da Fonte nº 6</b>	Casa levantada entre medianeiras que conta cun balcón corrido con solaina de cantería que protagoniza a fachada da súa planta residencial.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_061) cun grao de protección ambiental.
<b>Casas da Rúa Real nº 4-6</b>	Casas levantadas entre medianeiras, contan con balcóns corridos -só un deles ten solaina e canzorros de cantería- que protagonizan o eixe das fachadas da súa planta residencial.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_060) cun grao de protección ambiental.
<b>Casa da rúa da Fonte nº 2</b>	Casa levantada entre medianeiras e de desenvolvemento horizontal, conta cun único balcón corrido con solaina de cantería que protagoniza o eixe da fachada.  Incluída no Catálogo do PXOM (A_059) cun grao de protección



DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓNS
	ambiental.
<b>Casa tradicional</b>	Casa tradicional que dispón de portasdaire e fiestras na súa planta residencial, situando algún oco de mediano tamaño no piso terreo. Incluída no Catálogo do PXOM (A_185) cun grao de protección ambiental.
<b>Casa reitoral de Camariñas</b>	Alterna unha serie de balcóns individuais con solaina pétreo na súa planta residencial. Para comunicar co interior sitúanse portas e fiestras equidistantes de mediano tamaño que seguen un ritmo regular. Incluída no Catálogo do PXOM (A_103) cun grao de protección estrutural.
<b>Vivenda da rúa Tras da Praza nº 19</b>	A casa presenta na súa planta principal un único oco en forma de portadaire que dá acceso a un balcón individual con solaina de pedra apoiada en finos canzorros. Incluída no Catálogo do PXOM (A_088) cun grao de protección ambiental.
<b>Vivenda da rúa Areal nº 9</b>	A casa presenta na súa planta principal unha serie de ocos equidistantes en forma de portasdaire que dán acceso a un balcón corrido con solaina de pedra que protagoniza a fachada. Incluída no Catálogo do PXOM (A_089) cun grao de protección ambiental.
<b>Vivenda da rúa Areal nº 13</b>	A casa presenta na súa planta principal unha terna de ocos en forma de portasdaire que dan acceso a un amplo balcón corrido que protagoniza toda a fachada. Incluída no Catálogo do PXOM (A_093) cun grao de protección ambiental.
<b>Casa da rúa Corral Castro nº 2</b>	Presenta na súa planta principal unha serie de ocos en forma de portasdaire que dan acceso a dous balcóns corridos que protagonizan as súas dúas fachadas. Incluída no Catálogo do PXOM (A_092) cun grao de protección ambiental.
<b>Casa da rúa Corral Castro nº 3</b>	Presenta na súa planta principal un par de ocos en forma de portasdaire que dan acceso a un amplo balcón corrido con solaina de pedra apoiado sobre canzorros. Incluída no Catálogo do PXOM (A_091) cun grao de protección ambiental.
<b>Casa da rúa Corral Castro nº 1</b>	Conta cunha planta principal un único oco en forma de portadaire que dá acceso a un fabuloso balcón corrido con solaina de pedra apoiado sobre canzorros que protagoniza toda a fachada. Incluída no Catálogo do PXOM (A_090) cun grao de protección ambiental.

DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓNS
<b>Vivenda da rúa San Miguel nº 3</b>	<p>Casa erixida de forma illada -no medio dun predio propio- que conta cun hórreo e presenta na súa planta principal unha serie de ocos en forma de fiestras e portasdaire.</p> <p>Incluída no Catálogo do PXOM (A_108) cun grao de protección estrutural.</p>
<b>Brasón da rúa Volanta nº 3</b>	<p>Este escudo ou brasón ten a consideración de BIC, o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional 2ª da Lei 16/1985, do 25 de xuño.</p> <p>Incluído no Catálogo do PXOM (A_095) cun grao de protección integral.</p>
<b>Casa da Praza de Colón nº 10</b>	<p>Presenta na súa planta principal un par de ocos en forma de portasdaire que dan acceso a un amplo balcón corrido sustentado por canzorros.</p> <p>Incluída no Catálogo do PXOM (A_096) cun grao de protección ambiental.</p>
<b>Casa da Praza de Colón nº 4</b>	<p>Presenta na fachada da súa planta principal un grupo de tres ocos en forma de portasdaire que dan acceso a un amplo balcón corrido sustentado por media ducia de canzorros e unha columna.</p> <p>Incluída no Catálogo do PXOM (A_097) cun grao de protección ambiental.</p>
<b>Casa da rúa Ambrosio Feijoo nº 3</b>	<p>Presenta na súa planta principal un grupo de ocos en forma de portasdaire, tres delas con acceso a un balcón corrido con solaina de pedra que protagoniza o eixe da fachada.</p> <p>Incluída no Catálogo do PXOM (A_105) cun grao de protección ambiental.</p>
<b>Casa da Praza do Anxo nº 5</b>	<p>Erixida entre medianeiras, presenta na fachada da súa planta principal un fermoso miradoiro corrido con solaina de pedra que asume todo o protagonismo da edificación.</p> <p>Incluída no Catálogo do PXOM (A_106) cun grao de protección estrutural.</p>
<b>Casa da rúa Hortensia nº 8</b>	<p>Presenta un par de portasdaire que asumen todo o protagonismo na fachada. No piso terreo ábreanse xanelas de tres batentes e portas que gardan certa correspondencia compositiva cos vans superiores.</p> <p>Incluída no Catálogo do PXOM (A_107) cun grao de protección ambiental.</p>
<b>Casa da rúa Pizarro nº 20</b>	<p>Casa con hórreo erixida no medio dun predio propio que presenta na súa planta principal unha serie de ocos en forma de fiestras e portasdaire.</p> <p>Incluída no Catálogo do PXOM (A_094) cun grao de protección estrutural.</p>
<b>Casa da Travesía Eugenio López nº 25</b>	<p>No piso terreo ábreanse xanelas de catro batentes e portas de acceso que gardan unha clara correspondencia compositiva cos vans superiores.</p> <p>Incluída no Catálogo do PXOM (A_109) cun grao de protección ambiental.</p>

"Aprobado definitivamente polo Pleno con data 27 de maio de 2022"

DENOMINACIÓN	OBSERVACIÓNS
<b>Igrexa e cemiterio parroquial de San Xurxo</b>	<p>O templo parroquial de San Xurxo (s.XVIII) ten unha nave de planta rectangular e muros de perpiaños graníticos na fachada, aínda que tamén posúe lenzos murais secundarios cunha plementería de inferior calidade.</p> <p>Incluídos no Catálogo do PXOM (A_098) cun grao de protección integral.</p>
<b>Vivendas da rúa Grixá nº 3, 5</b>	<p>Vivenda de tipoloxía tradicional e pequenas dimensións que presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas.</p> <p>Incluídas no Catálogo do PXOM (A_099) cun grao de protección ambiental.</p>
<b>Conxunto tradicional da rúa Calvario</b>	<p>Conxunto tradicional constituído por unha serie de arquitectura adxectiva antano vinculada a unha serie de vivendas de localización excéntrica respecto da vila mariñeira.</p> <p>Incluída no Catálogo do PXOM (A_100) cun grao de protección ambiental.</p>
<b>Conxunto de cabaceiros da rúa Calvario</b>	<p>Un total de seis hórreos de mediano e grande tamaño erixidos sobre pés que aparecen labrados integramente en cantaría.</p> <p>Incluídos no Catálogo do PXOM (E_012) cun grao de protección integral.</p>

### 3. O MARCO HISTÓRICO.

#### 3.1. SÍNTESE DA EVOLUCIÓN DA VILA NOS ÚLTIMOS SÉCULOS.

Neste apartado vaise tratar de expor a través do comentario de diversa cartografía histórica, e de datas máis recentes ortofotos e planos, como se produciu o desenvolvemento da Vila de Camariñas nos últimos séculos. Obviamente non toda a información conta coa mesma precisión xa que as fontes, e técnicas de elaboración son moi diversas, pero si que poden servir de xeito xeral para expor cal foi a maneira, e onde se foi producindo o asentamento da poboación ao longo do tempo.

Nunha primeira vista oblicua de Camariñas datada arredor do ano 1622 debuxada polo cartógrafo Pedro Texeira<sup>1</sup> para o rei Felipe IV e publicada en 1634 co título "*Descripción de España y de las costas y puertos de sus reinos*", pode verse que as dúas únicas entidades que figuran son as da aldea de Buría ao norte, e a vila como un pequeno conxunto de edificacións próximo á praia sen demasiado desenvolvemento transversal, podéndose interpretar que estas últimas ocupan a franxa costeira entre punta Insua e do Castelo, aínda que este último nestas datas aínda non fora edificado.

Un plano posterior do cartógrafo Guillaume Delisle amósanos a ría de Camariñas aproximadamente en 1710, nel xa aparece o castelo do Soberano representado e a vila mantén o seu desenvolvemento lonxitudinal ao longo do areal da praia nesta zona abrigada dos ventos do norte.

Un terceiro plano do porto de Camariñas cuxo autor foi Vicente Tofiño de S. Miguel en 1787<sup>2</sup> constátase que a vila aínda non parece ter levado a cabo un crecemento significativo ou que este non foi recollido polo cartógrafo que puido ter simplificado os datos, dada a escala do documento, a teor do que se pode observar nas dúas imaxes seguintes.

Un cuarto plano datado en 1790, e que se atopa na Biblioteca Nacional de España<sup>3</sup>, a pesar do seu esquematismo ofrece pola contra unha grande cantidade de información, xa que de xeito sinxelo, pero completo establece a localización simplificada dos principais fitos naturais e antrópicos no ámbito da ría. Así, obsérvase a presenza tanto do castelo do Soberano, como do

---

<sup>1</sup> Pódese consultar a imaxe, entre outros, no seguinte enderezo electrónico: <https://www.gciencia.com/historias-gc/galicia-extraordinarios-mapas-pedro-teixeira/>


<sup>2</sup> Neste caso o dato pode verse no seguinte enderezo: [https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Port\\_de\\_Camarinas,\\_d%27apres\\_un\\_plan\\_Espagnol\\_levé\\_en\\_1787\\_et\\_publicé\\_par\\_Don\\_Vicente\\_Tofino.\\_RMG\\_K1056.jpg](https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Port_de_Camarinas,_d%27apres_un_plan_Espagnol_levé_en_1787_et_publicé_par_Don_Vicente_Tofino._RMG_K1056.jpg)

<sup>3</sup> Pode consultarse o mapa neste enderezo: <http://bdh.bne.es/bnesearch/detalle/89331>

contorno do peirao, e da igrexa de San Xurxo ao norte. Do mesmo xeito aparece a vila dividida polo que parece un pequeno curso de auga que desemboca no areal, na súa zona central, e compróbase que xa se ten iniciado un crecemento transversal ao orixinal no sentido de ocupar os terreos situados ao norte da localización primitiva, proceso que continuará sen detese ata os nosos días. Tamén aparecen ao norte da antedita igrexa parroquial diversas aldeas entre elas a de Buría, e que se relacionan unha lenda con datos que figura no plano e que identifica mediante números e a correspondente lenda diversas cousas, tanto poboacións como elementos naturais.

Un novo plano da ría de Camariñas publicado no ano 1838 (corrixido e adicionado en 1868) e cuxo autor foi o capitán de fragata da Armada Ignacio Fernández Flórez<sup>4</sup> amosa unha imaxe bastante semellante a anterior, co asentamento localizado en torno ao areal que agora ocupa o porto e cun crecemento que timidamente vai avanzando ao longo da directriz que conforman as rúas Real e Calvario, pasando da zona máis netamente portuaria da dársena a uns terreos agrícolas que circundan ao asentamento primixenio.

O seguinte salto nesta pequena descrición conduce a mediados do século XX para observar como se ten transformado a vila e o seu contorno inmediato a principios do século XX.



Plano cartográfico de Camariñas e a contorna do ano 1943. (Fonte: Instituto Xeográfico Nacional)

<sup>4</sup> Pode consultarse o plano neste enlace: <https://bvpb.mcu.es/es/consulta/registro.cmd?id=477112>



Detalle do plano cartográfico do ano 1943. (Fonte: Instituto Xeográfico Nacional)


A mediados do século XX xa se pode observar como a vila, ocupada completamente a fronte costeira entre Punta Insua e a Punta do Castelo consolida o desenvolvemento cara ao norte, ocupando terreos ata superar a zona da Praza Maior, aínda que non se ten producido o contacto coas pequenas aldeas que se sitúan nas inmediacións da igrexa parroquial e os desenvolvementos das de Buría e Mourín que avanza, á súa vez, cara ao sur. Tamén se constata a presenza de dous importantes eixes viarios; como son a estrada que vén de Vimianzo e que só chega ata Punta Insua (única vía de comunicación da vila co interior da comarca, e co exterior en xeral), así como a estrada de Vilán que conduce ao faro edificado a finais do século XIX.



Ortofoto da vila de Camariñas. (Fonte: Cartografía Xunta de Galicia)



Na ortofoto do ano 1956 pódese ver claramente o límite da vila nese intre, que en gran medida é coincidente coa zona sur do ámbito do PEPRI proposto, e que arrancaríase da rúa do Bico (1), para proseguir pola rúa Atalaia (2), baixar pola rúa Santa Ana (3) ata estrada do Vilán, dende onde continuaríase pola rúa Trashortas (4) e rúa Real (5) ata a Praza Maior (6) prolongándose un pouco máis cara ao norte polas rúas da Fonte e Calvario (7), e xirar seguindo a rúa San Xosé (8) e Pizarro (9) para configurar o extremo leste a través da rúa Hortensia (10) para rematar nas inmediacións da praza de Colón (11) . Tamén é claramente perceptible a posición da igrexa parroquial (12) e que entre ela e a vila existía, ademais dun amplo espazo de solo agrario, un pequeno asentamento rural (13) dun tipo máis probablemente vinculado á explotación do campo que ao mar, e que con posterioridade será absorbido polo crecemento urbano.



Plano da Delimitación de Solo Urbano (DSU) de 1981. (Fonte: Siotuga)



Na cartografía que acompaña á Delimitación de Solo Urbano do ano 1981 son apreciables os inicios das grandes transformacións que a vila sufriu nas últimas décadas; por unha banda, nas proximidades á zona primixenia vaise expandindo o solo edificado ao longo da estrada autonómica e en menor medida da do Vilán, e interiormente a construción do CEIP e a unión entre os terreos do norte da vila e as zonas de crecemento das aldeas do norte é xa evidente a través das rúas Eugenio López e Calvario, incluíndose dentro da trama urbana, tanto a igrexa parroquial como o pequeno asentamento rural situado ao oeste da mesma. Novas tipoloxías edificatorias con maiores volumetrías que as das edificacións antigas comezan a facerse patentes nos espazos de bordo do Casco Histórico.



Imaxe da Camariñas do ano 2010 segundo a ortofoto do PNOA. (Fonte: Cartografía Xunta de Galicia)

Nesta última imaxe do ano 2010 obsérvase cal foi a evolución do crecemento urbano nos últimos 30 anos. No que se refire ás infraestruturas urbanas, o porto ten alcanzado a Punta do Castelo creando unha enorme explanada tralo novo dique, dobrando na práctica a superficie coa que contaba. No que se refire ás dotacións téñense ampliado as instalacións educativas no contorno do CEIP no norte, e outras moitas implantáronse dentro do tecido máis tradicional, coa vantaxe de proximidade para os usuarios e os evidentes inconvenientes das baixas prestacións para o acceso de vehículos a zonas cun viario moi estreito polo xeral, e que se empregan en boa media exclusivamente de forma peonil. No que se refire á edificación, exteriormente téñense consolidado as tendencias de ocupación do solo de xeito difuso, tanto a carón das principais vías de comunicación; como son a estrada autonómica e a do Vilán, así como mediante edificación unifamiliar illada unha gran parte do espazo agrícola localizado ao norte da vila, creándose un espazo pouco diferenciado e de baixa densidade con escasa ou nula ordenación. Con todo o que este aspecto é moi negativo, o peor do crecemento recente incidiu sobre a zona orixinaria que agora denominamos Casco Histórico e que é o obxecto deste plan especial, pois a falta de control e gran apetencia dos propietarios por realizar edificacións de gran volumetría preto da zona do porto, tivo como consecuencia unha rápida e imparable destrución do tecido máis tradicional e a desaparición de construcións máis acordes coa escala e imaxe urbana deste espazo. Este proceso desvirtuou a paisaxe urbana da vila notablemente e acrecentou a percepción xeral de lugar desordenado, caótico, e de baixo interese. Os escasos anacos do pasado aínda recoñecibles, conviven con novas moles que pouco ou nada teñen que ver con elas, e que a parte de minguarlles a capacidade de asollamento, iluminación e relación co espazo público, diminúen o interese que puidera suscitar este importante porto da Costa da Morte, se as súas características fosen mellores.

### 3.2. A HISTORIA.

*En Camariñas, el color de la ría y del paisaje  
recuerdan la dulzura de la Rías Bajas.*

**Ramón Otero Pedrayo**

O relevo deste municipio é de claro dominio granítico, formando un bloque que descende cara a costa norte e lentamente cara o sur. As maiores alturas están na serra de Pena Forcada e aos seus pés esténdese unha costa pedregosa que fai deste tramo costeiro o máis perigoso da Costa da Morte, pero tamén un dos máis fermosos. O municipio de Camariñas é eminentemente costeiro e mariñeiro. Ocupa unha península con dúas caras, a que está orientada a mar aberto e que ofrece a estampa máis abrupta e natural da Costa da Morte, e a orientada á ría, moito máis tranquila e alterada desde o punto de vista da acción humana. O territorio, con largas zonas virxes e deshabitadas, está regado polo Río Grande, importante coto troiteiro que atravesa o fermoso núcleo da Ponte do Porto. O clima é suave e con abundantes precipitacións, condicionantes que repercuten nun manto vexetal dominado pola superficie forestal. Na costa norte e oeste ten unha maior presenza a matogueira, entre o que florece a camariña, nome do que deriva Camariñas.

Presenta un litoral escarpado e de mar moi batido, coa Punta Forcados e Cabo Vilán flanqueando a enseada da Areliña e o illote de Vilán de Fóra, a Punta do Espiñeiro, a do Corno, O Costado, Villueira, O Castelo e A Insua (entre estas últimas localízase a Praia do Bico). Regan a parroquia pequenos regatos e non presenta elevacións importantes.

#### **3.2.1. Historia**

Dende moi antigo, o porto de Camariñas posúe unha importancia salientable; durante os séculos IX-XI a piratería normanda achegouse á costa deste concello coa mesma intensidade que ao resto de Galicia. Unha proba das loitas que se libraron alí son os vestixios de fortificacións e os documentos onde se recolle a creación de organizacións de defensa. Segundo algúns autores é probable que unha parte deses normandos invasores se instalasen nos lugares de Arou, na parroquia de Camelle, e Santa Mariña, na parroquia de Xaviña. Durante a Idade Media o tráfico marítimo comercial con Europa achegou a Camariñas o que hoxe é o seu coñecido encaixe de palillos e durante o século XVIII construíuse o chamado castelo do Soberano, así denominado grazas ao seu promotor, Carlos III (1759-1788), que tamén promoveu a construción doutros baluartes defensivos nas rías da costa galega.

Durante este período a evanxelización ten como focos de irradiación Moraime, o mosteiro máis importante da comarca, Ozón, e Santa Mariña de Tosto. Alí, onde hoxe se ergue a capela,

houbo un pequeno mosteiro altomedieval, que no século X pasou a depender de San Paio de Antealtares, que o restaurou no século XII.

A invasión musulmá non chegaría probablemente a esta comarca, aínda que si as consecuencias, entre as que había que sinalar a pertenza de Camariñas a Mondoñedo como consecuencia dunha doazón de Ordoño II (914). Arredor do ano mil chegaron os terrores marítimos, as invasións normandas e musulmás, das que temos varias referencias na Historia Compostelana, que menciona a Terra de Nomancos, da que formaba parte Camariñas. No ano 1105 arrasaron o mosteiro de Moraime e as Terras de Cereixo, e en 1115 Santa Mariña de Tosto.

Como consecuencia destas incursións a poboación asenta máis lonxe da costa. Segundo a Historia Compostelana "*desde mediados de abril ata mediados de novembro as costas galegas estaban desertas e devastadas*". Para avisar da chegada dos piratas establecéronse sistemas de aviso mediante fachos situados nos puntos máis altos da costa, entre eles probablemente o de A Gurita / A Garita, na parroquia de Xaviña.

Ao longo da Idade Moderna o territorio pasará a ser organizado e explotado por unha serie de señoríos: reguengos (os do rei), seculares (da nobreza), eclesiásticos (catedral de Santiago e mosteiros), así como de distintas ordes militares. Na provincia de Santiago o máis importante foi o señorío de abadengo, presente en máis da metade das 832 freguesías da provincia. Seguíalle de preto o señorío secular co 41% das freguesías sendo, entre estes señores, o Conde de Altamira o máis importante xa que exercía o seu dominio en 195 freguesías, das que máis da terceira parte estaban situadas nas terras da Costa da Morte. Na comarca da Costa da Morte os señoríos eclesiástico (6%) e de reguengo (1 %) tiveron pouca entidade relativa. Ponte de Porto e Xaviña dependen señorialmente dos Altamira e Camariñas, da Mitra Compostelá.

Por outra banda, as melloras nas técnicas agrícolas (ferramentas) permiten aumentar a produción e a poboación, así como xerar excedentes, contribuíndo ao desenvolvemento urbano mercantil que obriga a restaurar as vellas calzadas romanas e construír novos camiños. No s. XIII levántase a ponte de Ponte do Porto e un dato que resalta a importancia da comarca é a viaxe que fai Alfonso IX. Nel asina varios documentos en Cereixo e Xaviña (laviniam na documentación medieval).

En 1607 Camariñas ten 29 fregueses e en 1774 xa acada os 142 veciños. As dúas fontes estatísticas que abranguen a comarca son as Jerónimo del Hoyo (1607) e o Catastro de Ensenada (1750). Os datos demográficos son os seguintes:

PARROQUIA	JERÓNIMO DEL HOYO	CATASTRO DE ENSENADA
SAN XURXO DE BURÍA (CAMARIÑAS)	50 VECIÑOS	224 VECIÑOS

Na primeira metade do século XVII o cartógrafo luso Pedro Teixeira debuxou a ría de Camariñas. Nel podemos observar o modelo de ocupación do territorio, que vai dos casaríos de pequena entidade, como as aldeas de Ponte do Porto e Buría, a vilas mariñeiras como Camariñas e Muxía. *“La actividad económica, el transporte marítimo y las vías de comunicación terrestres también tienen cabida en el plano, puesto que en él se aprecia un puente, algunos barcos pesqueros y un buen grupo de veleros, unos fondeados, con las velas arriadas, y otros en plena travesía”* (Vigo Trasancos; 2003). No plano aparecen grafitados tamén os santuarios de Nosa Señora da Barca (Muxía) e Nosa Señora do Monte (Camariñas).



*Embarcación pesqueira tradicional varada no peirao camariñán*

Esmorís Recamán (1919) destaca a existencia de gremios de pescadores dedicados á pesca e cura de sardiñas e congros en Muxía e Camariñas entre 1772-1775 (para a protección dos pescadores créase en Camariñas o pósito do Mar). Ao parecer fixeron causa común contra os de Corme, Laxe e Fisterra, que provocaban a súa ruína, e conseguiron a intervención do rei

para evitalo. Neste mesmo século XVIII impúxose aos mariñeiros a matrícula de Mar, converteuse nunha prestación persoal moi gravosa e a liberdade de pesca que tamén se fomentou nas Ordenanzas trouxo cara ás costas galegas os fomentadores cataláns, que gozaban dun amplo abano de privilexios pero que estaban exentos das prestacións persoais da matrícula. Os fomentadores, que tamén se asentaron na ría de Camariñas, introduciron técnicas máis avanzadas, tanto na explotación do mar (emprego do palangre e da xábega como na conservación -salgadura- e comercialización dos seus produtos) fixéronse axiña cos mercados. Nesta situación, os mariñeiros e patróns acabaron por se converter nuns asalariados que pescaban por conta dos armadores.

O nº 139 do Boletín Provincial da Coruña do ano 1836 publica que a freguesía de San Xurxo de Camariñas contaba con 288 veciños e 1.161 “almas”, o que fai unha media de pouco máis de catro persoas por núcleo familiar, o que fai da vila de Camariñas, con diferenza, a parroquia e, ao mesmo tempo, o núcleo de poboación do concello máis densamente poboado.

Pascual Madoz, no seu célebre diccionario de mediados do século XIX, describe a parroquia de San Xurxo de Camariñas como unha *“feligresia en la provincia de la Coruña (13 leg.), diócesis de Mondoñedo, partido jud. de Corcubion (5 1/4), y ayuntamiento al que da nombre: es puerto y distr. marit. de la prov y partido de la Coruña, en el departamento y tercio naval del Ferrol: srr. en la costa cantábrica y ría de Camariñas, disfruta de Clima templado y bastante sano. Tiene sobre 300 casas , formando 2 poblaciones que son la ald. de Buria y la de Camariñas; aquella en un pedregal y esta en una llanura á la orilla de la ría mencionada: su puerto es capaz y seguro, conserva un muelle construido por los ant. pescadores , puede contener unas 14 naves de á 50 toneladas y en las mareas bajas queda en seco á escepcion de la entrada. Las calles de la v. son regulares aunque con poca policía: hay una escuela pública donde reciben instrucción primaria 73 niños y 12 niñas; el maestro está dotado con 1,500 reales y algunas gratificaciones que le dan los padres de los niños que no son pobres”*.

A mesma fonte describe a ría de Camariñas como un entrante costeiro situado *“entre los ayuntamiento de Camarinas y Mugía: está formada por las aguas del Océano que entran dejando a la izquierda el cabo ó punta del monte Farelo y a la der. el de la Barca, dist. entre vi sobre 2 millas y estendiéndose á 4 1/2 de largo con 3 de ancho : proporciona abrigo á los buques en la travesía de Corcubion á la Coruña, y fondeadero seguro á las embarcaciones menores en las radas de la Arena y la Baza al E., asi como el muelle de Camariñas; pero tiene un escollo cubierto en Pleamar, denominado Quebrantes ó Quebranta Grande y Quebranta Chica, (...). Recibe las aguas del r. San Pedro del Puerto por el E.”*

Madoz tamén dá conta da perda da industria de salgadura de peixe ao longo da primeira metade do s. XIX a causa da sobreexplotación. *“La abundancia de sardinas que en tiempo no muy lejano se encontraba en esta ría, era una riqueza que la codicia ha hecho desaparecer,*

*hallándose hoy paralizadas las fáb. de salazón que ocupaba un crecido número de brazos que deben esta desgracia a la poca inteligencia, cuando no abandono, de las autoridades que estaban obligadas á conservar la pesca y reprimir los abusos que en ella se hacia".*



*Hórreos graníticos na vila histórica*

Xunto coa pesca, o crecemento do campesiñado, continuado ao longo deste período, incrementárase enormemente coa chegada do millo e do trigo, que esixe labores máis constantes e permite acadar maiores rendementos. A abundancia de hórreos de calidade en toda a comarca e, singularmente, na vila de Camariñas, evidencia a relevancia económica deste cultivo que tivo no porto camariñán unha plataforma de saída comercial ata, polo menos, o século XIX (ver táboa).

Segundo a mesma fonte, no ano 1843 o porto de Camariñas rexistraba o comercio dos seguintes artigos:

NOMENCLATURA	UNIDAD, PESO O MEDIDA	ENTRADA	SALIDA
ACEITE	ARROBAS	372	-
ACERO	ID.	17	-
AGUARDIENTE	ID.	862	-
AROS DE MADERA	DOCENAS	150	-
AZUCAR	ARROBAS	109	-
CAL	FANEGAS	1723	436
CEBOLLAS	NÚMERO	-	42000
CLAVOS DE HIERRO	ID	1500	-
COBRE	LIBRAS	-	1650
DUELAS	NÚMERO	392	-
HABICHUELAS	FERRADOS	-	400
HIERRO	ARROBAS	289	-
JABÓN	ID.	137	-
MAIZ	FERRADOS	-	7587
PATATAS	QUINTALES	-	6765
PESCADO SALADO	ID.	290	1790
TABLAS	NÚMERO	625	2900
TRIGO	FERRADOS	-	29219
VINAGRE	ARROBAS	82	-
VINO	ID.	7341	210
EFFECTOS VARIOS	RS. VN.	1547	670
VALOR TOTAL DE ESTAS MERCAD.	RS. VN.	170550	845096

Segundo Fariña Jamardo (1993) a capitalidade municipal “*ten o título de Vila, posto que xa figuraba como tal vila no século XVIII, no libro famoso do Conde de Floridablanca: España dividida en provincias e intendencias, y subdividida en partidos, do ano 1789, e tamén no manuscrito de José Cornide, número 17.981, da Biblioteca Nacional: Reyno de Galicia. Aparato y materiales para una descripción de dicho Reyno, datado o 22 de novembro de 1786, xa que nos dous figura como tal vila, o que lle outorga unha notoria antigüedad.*”

No século XIX construíuse o faro do cabo Vilán que, a finais desa época, se converteu no primeiro de España que funcionou con enerxía eléctrica. Esta renovación produciuse a raíz das reclamacións de Inglaterra logo da traxedia do buque escola británico The Serpent; este encallou en 1809 na costa camariñá e daquel naufraxio só sobreviviron tres tripulantes, os demais levounos o mar ata a praia do Trece. O acontecemento conmocionou a Gran Bretaña e a Camariñas e deixou na vila da Costa da Morte un cemiterio que se coñece como o cemiterio dos Ingleses.





Vista aérea da vila de Camariñas no ano 1956. (Fonte: Cartografía Xunta de Galicia)

Carré Aldao (1932) di da vila que *“tiene buen caserío, está alumbrada por acetileno y cuenta con estación telegráfica desde Octubre de 1923. Su población es de 808 habitantes de hecho y 892 de derecho, con 310 casas, 42 de un piso, 262 de dos y 6 de tres, y hay 60 albergues. Cuenta con dos escuelas nacionales de niños e dos de niñas. Es capital del distrito marítimo de segunda clase de su nombre y puerto habilitado, exportando maderas y cereales.*

*Su puerto, de interés local, es una caleta abierta al SE, cuyo interior es playa que descubre mucho a bajamar: en la parte occidental tiene dos muelles que cierran un corto espacio de mar a modo de dársena y que es lo que completa el puerto, algo reducido y cegado por la arenas que a bajamar se ven cerca de la boca. Complemento del puerto es el malecón que corre a lo largo de la plaza de la villa y el ramal de carretera que une la que pasa por el pueblo con el cabo Vilán. El espacio que mediaba entre el término de la carretera, que es la de Santiago, y el punto en que comienza la que va a Vilán estaba ocupado por la playa.”*

Segundo o INE e o IGE, ao longo do último século a demografía da vila de Camariñas, deixando de lado os demais núcleos de poboación que conforman a parroquia, presenta a seguinte evolución:

ANO	HABITANTES
1900	1033
1910	892
1920	1083
1930	1219
1940	1237
1950	1396
1960	1695
1970	1964
1981	2251
1999	3058
2004	2802

No ano 1974 a parroquia de San Xurxo de Camariñas, á súa vez é a capital do concello do mesmo nome, tiña 2.756 habitantes agrupados nas entidades de poboación de Agrelo, Area da Vila, Cabo Vilán, Cabreira, Camariñas, A Cancela, Cedeira, O Cotariño, O Cotro, A Grixá, Millarenga, Mourín, Outeiro, Pións, Riás e A Rega. Sete anos despois, o Nomenclátor asígnalle 2.137 veciños e veciñas. Máis tarde, no censo de poboación do ano 1986, a capitalidade municipal conta xa con 3.108 habitantes.

### 3.2.2. Patrimonio natural e cultural

Camariñas conta con recursos patrimoniais e medio ambientais de gran interese: zonas arqueolóxicas representativas da cultura neolítica e dos castros como o a mámoa de Reira e o castro de Mourín respectivamente. Tamén exemplos de arquitectura relixiosa interesantes como a capela da Virxe do Monte, con impresionantes vistas sobre a ría; tamén a capela do Carme e, sobre todo, a Igrexa de San Xurxo do século XVIII, con retablo do mestre Ferreiro (estes últimos localizados dentro do ámbito do PEP). Á beira da devandita capela, o Cruceiro da Praza do Carme é a única cruz monumental de pedra que se levanta no ámbito do PEP.

De arquitectura civil e etnográfica localizada na costa da parroquia de San Xurxo de Camariñas atopamos o cemiterio dos Ingleses, onde están os restos das vítimas do afundimento do buque The Serpent, un dos múltiples naufraxios ocorrido nesta zona; tamén atopamos nesta zona o Foxo do Lobo de Reira, así como o impresionante Faro Vilán, levantado nas proximidades do faro primitivo.

En San Xurxo de Camariñas localízanse tamén os restos da batería ou castelo do Soberano, levantado entre 1740 e 1753. O do Soberano foi un importantes enclave defensivo durante as batallas navais que ocuparon Europa durante os séculos XVI, XVII e XVIII. A mediados do s.XVII comézanse a proxectar fortificacións para a defensa desta zona costeira e en 1740 xa se construíra parte da batería camariñán. En 1801 construíuse outra batería de costa en Muxía

para defender a totalidade da ría. Madoz informa que a batería da Punta do Castelo “*puede montar de 14 a 18 piezas de artillería y tiene cuartel para su guarnición compuesta de unas 100 plazas, bien que en el día se halla desmontado.*”



*Antiga peza de artillería que se conservaba no porto procedente do Castelo do Soberano*

A igrexa parroquial de San Xurxo, levantada no século XVIII, está situada na vila de Camariñas, sendo unha das súas referencias monumentais máis senlleiras. Unha estrada comarcal (AC-432) comunica a parroquia coa Ponte do Porto e outra de carácter local, co cabo Vilán. Sobre este templo e o seu camposanto lemos no dicionario de Pascual Madoz (1846-1850) que o seu “*curato es de primer ascenso y patronato real ordinario: el edificio es de buena y sólida construcción: el cementerio se encuentra bien colocado*”. O seu interior acolle un retablo neoclásico do obradoiro do mestre José Ferreiro datado entre 1788-1798.



*Igrexa parroquial de San Xurxo*

A Casa das Romualdas<sup>5</sup>, construída a finais do século XIX, é un dos exemplares de arquitectura residencial da vila máis destacados, tanto pola súa localización (na fachada marítima do porto), como pola súa tipoloxía e factura. Ademais no núcleo tradicional de Camariñas, constituído por centos de vivendas mariñeiras, moitas delas obxecto de derrubamento ou deformación tipolóxica nos últimos anos, tamén se localiza algunha casa fidalga de raigame tipolóxica tradicional (ao parecer chegou a haber media ducia) que evidencian as desigualdades sociais que trabaron a sociedade da Idade Moderna.

<sup>5</sup> Na fachada desta casa pódese ver o barómetro que o Almiraztango inglés regalou aos cidadáns de Camariñas polas atencións prestadas tras o naufraxio do The Serpent.



*Antiga vivenda fidalga –hoxe desaparecida- na vila de Camariñas*

A zona costeira pertence á Rede Natura 2000, é lugar de interese comunitario (LIC) e zona de protección das aves. Desde o Faro Vilán ata Camelle podemos atopar elementos paisaxísticos de enorme interese: esculturas rochosas naturais, a duna rampante de monte Branco, praias de coios, furnas... todo nun contexto dunha enorme riqueza florística e faunística.

Camariñas presenta unha gran variedade de praias, desde as tranquilas augas das praias situadas na ría, dotadas de servizos e con bos accesos, ata praias solitarias, virxes e de fina area situadas na zona da costa atlántica. Entre as primeiras podemos salientar o Ariño, Lingunde e Area da Vila, e situada na costa atopamos Camelle, Arou, Santa Mariña, Lobeiras, Pedrosa, Reira, Trece e Lago Norte, entre outras.

### **3.2.3. A parroquia de San Xurxo de Camariñas**

Pertence ao arciprestado de Nemancos e á diocese de Santiago de Compostela. Hoxe en día posúe un total de 2.817 habitantes e está formada polas seguintes entidades ou núcleos de poboación: A Agra de Abaixo, Agrelo, Area da Vila, Buría, O Cabo Vilán, A Cabreira, Camariñas, O Campo de San Xurxo, A Cancela, O Castelo, Cedeira, O Cotariño, O Cotro, A Estrada do Vilán, Fonte Barreira, A Grixá, Lago, Lingunde, A Millarenga, A Milleira, O Monte de San Pedro, Mourín, O Outeiro, Paisás, O Pión, Portocelo, A Rega, Os Riás e A Roda.



*Vivenda tradicional balconada situada na vila histórica*

A parroquia de San Xurxo Camariñas presenta un litoral escarpado e de mar moi batido, coas puntas de Forcados e cabo Vilán (tamén a enseada Areliña e o illote de Vilán de Fóra), a Punta Espiñeira, do Corno, do Costado, de Villueira, do Castelo e da Insua. Regan a parroquia regos pequenos e non presenta elevacións de importancia, agás a que define a modesta elevación que acolle o castro de Mourín, situado a 63,5 msnm ao NE da vila mariñeira.

*“Desde a antigüidade (...) o de Camariñas foi o porto máis citado, e a súa historia remóntase a tempos prehistóricos”* (AAVV;1974). Hoxe o porto histórico de Camariñas está formado por dous espigóns modestos afrontados (recentemente foron unidos por medio dunha ponte<sup>6</sup>) que crean unha dársena de 0,30 Ha, evidencia das obras de mellora do porto levadas a cabo nos séculos XVII e XVIII<sup>7</sup>. Abrazando esta infraestrutura primitiva, outro par de espigóns de grande tamaño que forman unha pequena dársena para o abrigo de embarcacións pesqueiras e de

<sup>6</sup> Algunhas fontes informan que a cantaría utilizada para o seu levantamento fíxose reutilizando a que foi retirada da próxima Bateria do Soberano.

<sup>7</sup> O proxecto data de 1791.

recreo. Nos últimos anos foi construído un novo dique de grande tamaño na boca do porto, nas proximidades da Batería do Soberano, unha infraestrutura de case 500 m de lonxitude que deu lugar a un potente recheo de 2,5 Ha que permitiu acoller distintas instalacións portuarias.



*Estado dos diques orixinais do porto antes da súa remodelación*

### 3.2.3.1. Festas e tradicións da freguesía

O luns e o martes de Pascua desenvólvese a romaría da ermida da Virxe do Monte, que homenaxea o seu patrón os días 23 e 24 de abril, e a San Ramón o día 31 de agosto.

Como en todos os núcleos mariñeiros, as festas do Carme convocan a milleiros de veciños e veciñas na procesión marítima que chega ata a Muxía. A Danza de Arcos, que se celebra o mesmo día, tamén constitúe un dos atractivos máis orixinais.

## 4. CARACTERIZACIÓN SOCIOECONÓMICA.

### 4.1. ANÁLISE DEMOGRÁFICA.

#### 4.1.1. Camariñas dentro da súa contorna.

O termo municipal de Camariñas conta, segundo os datos do Censo Oficial de Poboación e Vivendas do INE do ano 2001, con 6.747 habitantes, e, segundo os datos do Padrón de habitantes do 2010 do a cifra diminúe a 6.226 habitantes, polo que se constata unha dinámica negativa no conxunto municipal.

A poboación do concello de Camariñas supón un 31,6% da poboación da comarca da Terra de Soneira, o 0,54 % da poboación provincial e sobre o 0,2% da poboación total de Galicia. Dito termo municipal forma parte da comarca da Terra de Soneira, na que tamén se inclúen os concellos de Vimianzo e Zas: o conxunto da poboación destes concellos é de 19.649 habitantes no 2010.

2010	Nº Habitantes
<b>Camariñas</b>	<b>6.226</b>
Vimianzo	8.128
Zas	5.295
Total Comarca	19.649
A Coruña	1.146.458
Galicia	2.797.653

Fonte: INE

Dos tres concellos que integran a comarca da Terra de Soneira o máis poboado é Vimianzo, sendo tamén o máis extenso, con 187,4 km<sup>2</sup>, fronte aos 51,9 km<sup>2</sup> de Camariñas, que é o menor en extensión pero o segundo máis poboado.

Densidade de Poboación	Extensión (Km <sup>2</sup> )	Densidade 2001 hab/km <sup>2</sup>	Densidade 2010 hab/km <sup>2</sup>
<b>Camariñas</b>	<b>51,9</b>	<b>130,0</b>	<b>119,9</b>
Vimianzo	187,4	46,9	43,3
Zas	133,2	46,2	39,7
Terra de Soneira	372,5	63,6	52,7
A Coruña	7.950,4	139,4	144,2
Galicia	29.574,4	92,4	94,5

Fonte: INE e IGE.

A densidade de poboación da comarca é moi baixa, pois sitúase encol os 50 hab/km<sup>2</sup>, porén Camariñas é a que posúe a densidade máis elevada con 119,9 hab/km<sup>2</sup>, aínda que fique por baixo da media provincial dos 144,2 hab/km<sup>2</sup>.



#### 4.1.2. O conxunto municipal. As parroquias.

Un dos principais sinais de identidade do rural galego son as parroquias, as cales constitúen o elemento primordial da división tradicional do país. Con todo, hoxe en día, os fortes procesos urbanizadores dos territorios urbanos e rurais, poden facer que nos cheguemos a cuestionar a valía da entidade parroquial cara ás análises poboacionais e as súas correctas interpretacións.

O factor rural, a centralidade urbana e a proximidade a esta, adoitan influír na evolución dos núcleos de poboación do conxunto municipal. Para aproximarnos a esta evolución, tomamos os datos de poboación por parroquias, a través dos datos dos diferentes Padróns Municipais.

Poboación parroquias	2001	2010	Crecemento (%)
<b>Camariñas</b>	2.863	2.861	-0,1
<b>Camelle</b>	1.568	1.346	-14,2
<b>Ponte do Porto</b>	1.308	1.138	-13,0
<b>Xaviña</b>	1.008	881	-12,6
<b>Tot. Concello</b>	6.747	6.226	-7,7

Fonte: INE e elaboración propia

O concello de Camariñas está constituído por catro parroquias: Camariñas (San Xurxo), Camelle (Divino Espírito Santo), Ponte do Porto, A (San Pedro) e Xaviña (Santa María). Destas parroquias a máis poboada é Camariñas, con 2.863 habitantes no 2001 e 2.861 no 2010. O conxunto das parroquias do concello amosa unha tendencia negativa, sendo Camelle a que vén rexistrando o descenso máis acusado.

#### 4.1.3. Evolución histórica da poboación.

Como podemos observar en todos os casos aquí recollidos, experimentase unha evolución poboacional negativa dende a década dos 70 de xeito xeneralizado, porén, o saldo total en comparación coas cifras de principios do século XX é positivo.

	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2010
<b>Camariñas</b>	<b>4.153</b>	<b>4.591</b>	<b>5.042</b>	<b>5.288</b>	<b>5.729</b>	<b>5.707</b>	<b>6.269</b>	<b>7.865</b>	<b>6.818</b>	<b>6.930</b>	<b>6.747</b>	<b>6.226</b>
Vimianzo	8.637	8.767	9.391	9.222	10.131	10.678	9.803	10.170	9.365	8.433	8.787	8.128
Zas	5.691	5.949	6.177	6.275	7.171	8.004	8.098	8.481	7.285	6.560	6.160	5.295
Terra de Soneira	18.481	19.307	20.610	20.785	23.031	24.389	24.170	26.516	23.468	21.923	21.694	19.649

Fonte: INE

De todos xeitos, cómpre facer unha periodización na evolución temporal do termo municipal, pois deste xeito poderemos entender máis aqueladamente a realidade municipal. Así, entre 1900 e 2010 pódense establecer varias etapas ou períodos, froito dos movementos migratorios, os distintos saldos vexetativos e as diferentes circunstancias económicas.

De feito ata a década dos 40 hai un constante e forte crecemento, cuns valores de incremento medio do 8,4%, o conxunto comarcal tamén incrementa os seus efectivos, pero dun xeito menos pronunciado, cunha media do 5,3%, acadando o crecemento maior no decenio 1930-

1940 arredor do 10%. É precisamente a medida que nos achegamos á metade do século cando comeza a diminuír o ritmo de crecemento en todos os ámbitos aquí recollidos; unha circunstancia que provoca incluso na entrada da década dos 60 un descenso no total comarcal, pero non en Camariñas que segue medrando.

	<b>Incremento de poboación 1970-2010(%)</b>
<b>Camariñas</b>	<b>-20,8</b>
Vimianzo	-20,1
Zas	-37,6
Terra de Soneira	-25,9

**Fonte:** elaboración propia

Porén, dende os 70 o decrecemento é continuado, pese a todo e con respecto ás cifras do inicio do século pasado, Camariñas foi o concello que máis medrou, debido entre outros factores a que perdeu, en termos porcentuais, menos poboación que a media comarcal.

	<b>Incremento de poboación 2001-2010(%)</b>
<b>PEPRI e área de influencia</b>	-0,3
<b>CAMARIÑAS</b>	-7,7
<b>COMARCA</b>	-9,4

**Fonte:** elaboración propia

No que á zona do PEPRI e a súa área de influencia se refire, vén resistindo de mellor forma que a súa contorna a perda de poboación, polo menos no período comprendido entre o 2001 e o 2010, e co nivel de concreción ao que permite chegar o Nomenclátor de unidades poboacionais do INE.


#### **4.1.4. Estrutura da poboación.**

Precisamente en relación á exactitude e á concreción dos datos relativos á superficie que atinxe o PEPRI, cumpre sinalar que tendo en conta que se sitúa na parroquia de S. Xurxo de Camariñas e que non se axustan exactamente os distritos censuais a área do PEPRI propiamente dita, decídese traballar empregando a parroquia como referencia por ser o que máis se axusta á realidade do ámbito a estudar.

As pirámides de poboación ofrécennos unha imaxe global dos habitantes dun determinado lugar, a súa estrutura permítenos analizar tanto esta situación como as posíbeis situacións futuras definidas ou observadas a través da análise da súa figura. Ao mesmo tempo, tamén podemos entender dun xeito máis pormenorizado a evolución pasada da poboación municipal.


Así pois, vemos que as presentes pirámides amosan a típica figura de oxiva, propia das sociedades desenvolvidas, caracterizadas por baixas taxas de natalidade (como se aprecia nas súas estreitas bases), e un progresivo aumento da esperanza de vida, dando lugar a unha

pirámide cunha figura máis estilizada nos tramos máis altos, onde se representan as persoas de máis idade.



Fonte: INE e Elaboración propia

De todos xeitos, cómpre resaltar que en contraste co que adoita acontecer, no caso da área que abrangue o PEPRI –parroquia de S. Xurxo-, hai máis homes que mulleres, o que tampouco implica grandes diferenzas entre unha pirámide e outra.



Fonte: INE e Elaboración propia

Nesta liña, ha de terse en conta outra serie de factores alleos aos datos da pirámide pero que inciden á súa vez na estrutura dos fogares e dos lugares de residencia, e que xorden vinculados ás condicións económicas e sociais da poboación, como os novos modelos familiares (hai unha tendencia cara á redución do tamaño das familias e das vivendas), incremento das separacións, a incorporación ao traballo remunerado das mulleres, o aumento do nivel formativo e cultural da poboación, a maior esperanza de vida...

2010- Lugar de nacemento (%)	Mesmo municipio	Outro municipio da provincia	Outro municipio da C.A.	Outra C.A.	Estranxeiro
<b>S. Xurxo de Camariñas</b>	80,4	8,8	0,8	1,9	8,3
<b>Total Camariñas</b>	78,8	12,3	0,8	1,8	9,4
<b>Coruña</b>	53,3	29,9	7,6	6,3	13,5
<b>Galicia</b>	57,5	23,1	6,4	5,0	7,6

Fonte: INE e elaboración propia

Por outra parte, no tocante ao lugar de nacemento dos residentes segundo as cifras do Padrón de Habitantes do 2010, tanto a parroquia onde se atopa o PEPRI como o propio concello, posúen un maior grao de “poboación natural” que as medias provinciais e autonómicas, xa que concentran unhas taxas superiores de poboación autóctona.

Pob. estranxeira	2004	2010	Incremento (%)
<b>S. Xurxo de Camariñas</b>	37	85	129,7
<b>Total Camariñas</b>	83	125	50,6
<b>Comarca</b>	218	360	65,1

Fonte: INE e elaboración propia

Centrándonos polo miúdo nos casos de Camariñas e da parroquia de S. Xurxo, foi precisamente nesta zona concreta do concello onde se rexistrou proporcionalmente o maior crecemento de poboación estranxeira no período 2004 e 2010, pasando dos 37 aos 85 seis anos máis tarde.

2010	Índice de infancia	Índice de xuventude	Índice de dependencia infantil	Índice de dependencia maiores	Índice de vellez	Índice sobreavellamento
<b>S. Xurxo de Camariñas</b>	12,6	11,1	12,2	16,8	13,2	4,1
<b>Total Camariñas</b>	10,2	10,9	15,4	35,5	17,3	6,2
<b>Coruña</b>	11,5	9,2	17,2	31,6	15,1	6,1
<b>Galicia</b>	11,4	9,4	17,2	20,9	15,3	6,7

Fonte: INE e elaboración propia

De igual xeito, se nos detemos a examinar indicadores de idade relativos á vellez, infancia, ou xuventude por exemplo, vemos que a zona de influencia do PEPRI, amosa un perfil algo menos avellentado que o resto dos marcos de referencia aquí empregados, un dato que se percibe polas maiores taxas de dependencia infantil e xuvenil, e polas inferiores porcentaxes dos índices de vellez e sobre-avellentamento.

Os índices que aquí se reflicten, responden aos seguintes cálculos: *índice de infancia pob. de 0 a 14 anos/ pob. tot.\*100, índice de xuventude pob. de 15 a 24 anos/ pob.tot 100, índice de vellez pob. de 65 a 79 anos/ pob. tot.\*100, índice de sobreavellentamento pob. de 80 e máis anos/pob. tot. \*100, índice de dependencia infantil pob. de 0 a 14 anos/ pob. de activos, índice de dependencia de maiores pob. de 65 e máis anos / pob. de activos.*

#### 4.1.5. Instrución da poboación.

En relación ao grao de formación -obtido a partires do censo de Poboación e Vivendas 2001-, as cifras correspondentes tanto ao total de Camariñas como as estritamente relativas á parroquia onde se localiza o PEPRI, non son demasiado positivas, xa que se superan as medias provinciais e galegas de individuos analfabetos e sen estudos, ao mesmo tempo que fican por debaixo de ditos ámbitos comparativos no tocante a persoas con estudos superiores.

Niveis de estudos %	Analfabetos e sen estudos	Estudos primarios	Estudos secundarios	Estudos universitarios
<b>S. Xurxo de Camariñas</b>	34,0	35,9	27,5	2,6
<b>Total Camariñas</b>	44,0	28,3	25,5	2,7
<b>Coruña</b>	22,3	26,5	40,5	10,6
<b>Galicia</b>	23,9	28,1	38,5	9,3

Fonte: INE e elaboración propia

## 4.2. ANÁLISE ECONÓMICA.

### 4.2.1. Socioeconomía.

#### 4.2.1.1. Introducción.

A análise da estrutura económica de Camariñas e da área que abrangue o PEPRI realizarase fundamentalmente a partires de dúas fontes de información: por un lado, os censos de Poboación e Vivenda dos anos 1991 e 2001 (Instituto Nacional de Estatística) e por outro lado, con outros datos máis actualizados, relativos á poboación activa e inactiva provenientes do Instituto Galego de Estatística (IGE).

O mercado de traballo constitúe un dos elementos cruciais da vida socioeconómica de calquera territorio, na medida en que actúa de nexo de unión entre os contornos produtivo e social, repercutindo a súa caracterización e dinamismo na calidade e desenvolvemento destes dous ámbitos. Como institución que é, o mercado de traballo conxuga as necesidades de traballadores procedente da contorna produtiva coas necesidades de emprego que emanan da contorna social; cumprindo, en consecuencia, cunha función básica para o correcto desenvolvemento socioeconómico de cada territorio e evitando descoordinacións e estrangulamentos en dito proceso.

Nesta parte do estudo trataremos de realizar unha breve caracterización do funcionamento do mercado de traballo, tanto de Camariñas como da Terra de Soneira, na que se conxugan as dúas dimensións que o definen, por un lado, a cuantitativa, relativa ao número de efectivos que conforman a poboación activa (no senso de activos económicos) tanto ocupada como non ocupada; e, por outro lado, a cualitativa, relativa á calidade que o caracteriza dende diferentes perspectivas, como a de xénero.

#### 4.2.1.2. Contextualización municipal.

O feito de que Camariñas se atope, xeograficamente, enclavada na Costa da Morte, determina en boa medida parte da súa identidade cultural e económica, como pode ser a identificada co mar (fundamentalmente a pesca), e o patrimonio tradicional (palilleiras -por exemplo-). Porén, estes elementos tan característicos da zona, non deben impedir a aparición de “novas” actividades vinculadas ao anteriormente dito, como o turismo, a industria transformadora e conserveira de produtos naturais (mariscos, ourizos de mar, algas...), a recuperación de pequenos estaleiros tradicionais como as carpinterías de ribeira, como se vén facendo noutros puntos do país e do Arco Atlántico.

Así pois, saber conectar e unir todos estes elementos deben constituír os alicerces que

contribúan ao desenvolvemento desta área, xerando novas oportunidades, tanto para o aproveitamento e valorización dos seus recursos, como para potenciar a localización de poboación.

Dende outro punto de vista, no caso que nos ocupa, cómpre ter en conta que canto menor é a dimensión territorial e económica dunha determinada área, maior tenderá a ser a súa dependencia dos factores externos que a rodean –as distancias existentes con outras zonas, por exemplo-; de igual xeito, esas mesmas dimensións reducidas dificultan a creación dun tecido produtivo endógeno o suficientemente diversificado e rico, co que poder garantir o correcto desenvolvemento de dita área *per sé*. Polo tanto, o crecemento e consolidación, dos elementos demográficos e económicos dun concello como Camariñas, dependerá tanto das súas capacidades endógenas como das dinámicas e inercias dos seus espazos contíguos.

#### 4.2.1.3. Emprego local.

(%)	Domicilio	Varios concellos	Mesmo concello	Outro concello	Outra provincia	Fóra de Galicia
<b>S. Xurxo de Camariñas</b>	7,5	9,4	61,7	12,1	0,6	8,7
<b>Total Camariñas</b>	13,7	7,6	53,1	14,3	0,5	10,9
<b>Coruña</b>	8,0	8,4	53,1	24,4	2,6	3,1
<b>Galicia</b>	4,8	8,3	57,4	23,7	2,3	3,2

Fonte: INE e elaboración propia

Segundo os datos do censo de 2001, as diferenzas máis salientables concéntranse na poboación que traballa noutro concello, xa que só o 14,3% dos ocupados de Camariñas e o 12,1% dos da área de influencia do PEPRI traballan noutro termo municipal da provincia da Coruña, dende logo unhas cifras baixas en contraste coas provinciais e autonómicas.

#### 4.2.2. Sectores de actividade.

##### 4.2.2.1. O Municipio.

Como xa se sinalou no apartado sociodemográfico, o termo municipal de Camariñas tiña en 2010 un total de 6.226 habitantes, e dado que non dispomos dunha información pormenorizada respecto á situación laboral e o sector de actividade no que se inscribiría dito conxunto poboacional, recorreremos aos datos do censo oficial de Poboación e vivendas do ano 2001, no que si se reflicten estes datos, así como outras informacións de interese respecto do tema que nos ocupa.

A actividade económica, segundo os sectores de actividade, presenta distintas dimensións no tempo, atopando diferenzas substanciais entre os datos do censo do 1991 e os rexistrados no

do ano 2001, entre outros aspectos debido a unha meirande incorporación ao mundo laboral por parte da muller.

CAMARIÑAS	Total-1991	Homes	Mulleres	(%) Homes	(%) Mulleres	Total - 2001	Homes	Mulleres	(%) Homes	(%) Mulleres
<b>Total</b>	2066	1596	470	77,3	22,7	2060	1330	730	64,6	35,4
<b>Agricultura, gandería, caza e silvicultura</b>	222	171	51	77,0	23,0	53	27	26	50,9	49,1
<b>Pesca</b>	434	399	35	91,9	8,1	549	445	104	81,1	18,9
<b>Industria</b>	237	137	100	57,8	42,2	361	141	220	39,1	60,9
<b>Construción</b>	491	489	2	99,6	0,4	394	386	8	98,0	2,0
<b>Servizos</b>	682	400	282	58,7	41,3	703	331	372	47,1	52,9

**Fonte:** IGE - Poboación en vivendas familiares ocupada segundo sexo e rama da actividade

Segundo os sectores de actividade, percíbese un fortísimo descenso dos efectivos ocupados vinculados ao agro e en menor medida á construción, se ben nese eido. a principios do 2000 , aínda se atopaba á marxe da actual crise inmobiliaria.

No senso contrario cabe destacar o incremento rexistrado na pesca, industria e servizos, en boa medida como resultado de, precisamente, mulleres a estes eidos de actividade.

#### 4.2.2.2. A Comarca.

Respecto ás cifras da comarca, as diferenzas máis relevantes sitúanse en aspectos concretos, xa que mentres no termo municipal se deu un lixeiro incremento dos ocupados no sector agro-gandeiro, este colectivo diminuíu a nivel comarcal.

COMARCA	Total-1991	Homes	Mulleres	(%) Homes	(%) Mulleres	Total - 2001	Homes	Mulleres	(%) Homes	(%) Mulleres
<b>Total</b>	7745	5795	1950	74,8	25,2	7546	4766	2780	63,2	58,3
<b>Agricultura, gandería, caza e silvicultura</b>	2409	1549	860	64,3	35,7	1118	474	644	42,4	135,9
<b>Pesca</b>	465	429	36	92,3	7,7	587	476	111	81,1	23,3
<b>Industria</b>	758	521	237	68,7	31,3	1457	756	701	51,9	92,7
<b>Construción</b>	2064	2042	22	98,9	1,1	1686	1654	32	98,1	1,9
<b>Servizos</b>	2049	1254	795	61,2	38,8	2698	1406	1292	52,1	91,9

**Fonte:** IGE - Poboación en vivendas familiares ocupada segundo sexo e rama da actividade.

No tocante ao xénero e a súa relación cos diferentes sectores de actividade a nivel comarcal, destaca tamén a cada vez maior visualización do colectivo feminino en todos os sectores, agás no agrario –que retrocede- e o da construción, onde o seu incremento foi só simbólico.



### 4.2.3. Situación profesional.

A situación profesional da poboación ocupada do concello e da súa bisbarra vén especificada segundo a seguinte táboa que fai referencia aos datos do censo de Poboación e Vivenda do ano 2001.

<b>CAMARIÑAS</b>	<b>Total – 2001</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>(%) Homes</b>	<b>(%) Mulleres</b>	<b>COMARCA</b>	<b>Total – 2001</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>(%) Homes</b>	<b>(%) Mulleres</b>
<b>Totais</b>	2060	1330	730	64,6	35,4	<b>Totais</b>	7546	4766	2780	63,2	36,8
<b>Empresario ou prof. que emprega persoal</b>	140	116	24	82,9	17,1	<b>Empresario ou prof. que emprega persoal</b>	504	412	92	81,7	18,3
<b>Empres. ou profes. que non emprega persoal</b>	462	261	201	56,5	43,5	<b>Empres. ou profes. que non emprega persoal</b>	2038	1026	1012	50,3	49,7
<b>Trab. por conta allea fixo</b>	438	298	140	68,0	32,0	<b>Trab. por conta allea fixo</b>	1740	1174	566	67,5	32,5
<b>Trab. por conta allea eventual</b>	992	651	341	65,6	34,4	<b>Trab. por conta allea eventual</b>	3184	2146	1038	67,4	32,6
<b>Axuda familiar</b>	25	3	22	12,0	88,0	<b>Axuda familiar</b>	28	3	25	10,7	89,3
<b>Membro coop.</b>	3	1	2	33,3	66,7	<b>Membro coop.</b>	52	5	47	9,6	90,4

**Fonte:** INE - Poboación en vivendas familiares ocupada segundo sexo e situación profesional.

Ao abeiro dos datos aquí reflectidos, obsérvase que o principal “músculo laboral” das actividades profesionais desta área sitúase nos traballadores eventuais por conta allea, seguidos daqueles empresarios ou profesionais que non empregan persoal.

#### 4.2.3.1. A ocupación da poboación,

Para traballar cos datos da poboación, desde o punto de vista laboral cómpre facer unha aclaración, pois a grandes trazos e dende esta perspectiva, debemos establecer dous grandes grupos, por un lado, os activos e doutro, os inactivos. Así pois, a poboación activa é aquela que se encadra dentro dos parámetros legais de acceso ao mercado de traballo e o fin do seu período legal de permanencia no mesmo, isto é: desde os 16 anos ata os 65 anos, -período formal de xubilación- por un lado, e os inactivos que son aqueles que agrupan ao resto de poboación (menores de 16 anos e maiores de 65).

<b>CAMARIÑAS</b>	<b>Total-1991</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>(%) Homes</b>	<b>(%) Mulleres</b>	<b>Total - 2001</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>(%) Homes</b>	<b>(%) Mulleres</b>
<b>Poboación activa</b>	5736	2843	2893	49,6	50,4	5534	2694	2840	48,7	51,3
<b>Ocupados</b>	2574	1980	594	76,9	23,1	2274	1458	816	64,1	35,9
<b>Parados</b>	2066	1596	470	77,3	22,7	2060	1330	730	64,6	35,4
<b>Poboación inactiva</b>	508	384	124	75,6	24,4	214	128	86	59,8	40,2
<b>COMARCA</b>	<b>Total-1991</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>(%) Homes</b>	<b>(%) Mulleres</b>	<b>Total - 2001</b>	<b>Homes</b>	<b>Mulleres</b>	<b>(%) Homes</b>	<b>(%) Mulleres</b>
<b>Poboación activa</b>	8852	6635	2217	48,8	51,2	8488	5215	3273	48,3	51,7
<b>Ocupados</b>	7745	5795	1950	75,0	25,0	7546	4766	2780	61,4	38,6
<b>Parados</b>	1107	840	267	74,8	25,2	942	449	493	63,2	36,8
<b>Poboación inactiva</b>	9733	2376	7357	75,9	24,1	9812	3631	6181	47,7	52,3

Fonte: IGE/INE


Cabe salientar pois, un forte aumento das cifras de mulleres activas, o que se traduce tamén nun aumento do paro feminino como resultado –en parte- da cada vez maior incorporación ao eido laboral da muller, algo que se produce tanto a nivel municipal como comarcal.

#### 4.2.3.2. Poboación parada.

<b>SALDO MEDIO PERIODO 2005-10</b>	<b>Paro total</b>	<b>Agricultura/Gandería</b>	<b>Industria</b>	<b>Construción</b>	<b>Servizos</b>	<b>Sen emprego anterior</b>
<b>CAMARIÑAS</b>	<b>510</b>	<b>55</b>	<b>49</b>	<b>98</b>	<b>227</b>	<b>81</b>
<b>COMARCA</b>	<b>1375</b>	<b>84</b>	<b>253</b>	<b>320</b>	<b>538</b>	<b>179</b>

Fonte: IGE e elaboración propia

Se nos achegamos ao paro existente por sectores, decatámonos que a meirande parte das persoas nesta situación sitúanse no sector servizos, se ben é certo que no caso de Camariñas (44,5%) a súa cifra é proporcionalmente superior á comarcal (39,1%); seguidos a continuación dos desempregados da industria.




- No que se refire á **circulación de vehículos** os graos de valoración foron: (0) para aquelas rúas que pola súas características fixesen imposible a circulación de vehículos de catro rodas, (1) alí onde a circulación é limitada a certas zonas ou momentos, (2) nas que é posible a circulación continua nun sentido, (2) naquelas onde se pode circular de xeito continuado nos dous sentidos. O resultado para as rúas do ámbito do PEPRI, é que o 15 % serían do grao 0, é dicir non permitirían o acceso debido, na maior parte dos casos, á súa pequena sección, un 42% serían de grao 1, co cal sería posible acceder con vehículos, aínda que iso supoña en certos casos obstaculizar o paso para peóns, un 24 % serían do grao 2, é dicir que permitindo o paso nun sentido aínda sería posible que os peóns circularan sen trabas polas súas marxes, e por último o 19 % do total das rúas permitirían a circulación nos dous sentidos para vehículos, así como dos peóns polas súas beiras.
- No que atinxe ao **estacionamento de vehículos**, avaliáronse os seguintes graos en relación á posibilidade de estacionamento de vehículos de catro rodas: (0) para as que carecen dalgún espazo, (1) para aquelas onde é posible en zonas residuais, (2) para aquelas onde existen pequenos espazos acondicionados para este cometido e (3) para aquelas onde é posible en gran parte das súas marxes de xeito organizado, obtendo como resultado que no 63 % das rúas estaríamos no grao 0, ou o que é o mesmo na imposibilidade de estacionar dentro destas rúas, no 15% estaríamos no grao 1, no 5% no grao 2 e por último no 8% restante estaríamos no caso 2. É preciso sinalar que a negatividade deste parámetro, enxúgase polo feito de que toda a fronte sur do ámbito do PEPRI que coincide coas instalacións portuarias e o paseo marítimo, conta cunha boa dotación de prazas de estacionamento a pouca distancia da maior parte das edificacións do casco.
- En canto á **accesibilidade para persoas con problemas de mobilidade ou discapacidade**, neste caso os niveis de avaliación parten do grao (0) para aquelas rúas

con condicións básicas de pendentes, anchos de beirarrúas, materiais de acabados, etc, xa sexan observadas de forma conxunta ou individualizada non acaídas, e onde a intervención precisa sería importante para ser mellorada (por exemplo camiños de terra, beirarrúas excesivamente estreitas ou rúas con fortes pendentes), seguindo polo grao (1) que representaría unhas condicións básicas parcialmente acaídas pero que precisarían un certo nivel de intervención, aínda que moito menor que no caso anterior, continuando polo grao (2) que abranguería aquel viario con condicións básicas favorables onde xa se parte de que a pendente, os firmes, etc, poden ser empregados cun certo nivel de efectividade e as melloras que se podan levar a cabo son xa cuestións de menor entidade, e para rematar o grao (3) serían aquelas rúas e espazos libres xa acondicionados pensando en mellorar a accesibilidade a través de espazos amplos para poder circular con cadeiras de rodas sobre pavimentos nin escorregadizos nin con excesivo rozamento, cruzamentos de rúa sen desniveis, etc. Seguindo esta valoración obtívose como resultado que só o 5% das rúas se corresponderían ao grao 0, en tanto que o 26 % serían de grao 1, o 47 % de grao 2 en tanto que o 23 % serían de grao 3, co cal é evidente que se parte dunhas boas condicións neste eido para acadar unha boa accesibilidade peonil en xeral e para persoas con dificultades de mobilidade en particular aceptable, que pode ser asumible elevar con intervencións de razoablemente pouca entidade.

### **5.3.2. O Transporte público.**

Debido a que pola costa ao norte da capital municipal non existen vías de comunicación importantes, dado que ata Arou, Camelle ou Santa Mariña tampouco existen núcleos costeiros, e nestes casos acédese dende o interior do termo municipal por Ponte do Porto ou a Parroquia de Xaviña, a vila de Camariñas é punto final de traxecto. Con todo existen cando menos tres empresas de autobuses (Monbus, Aucasa e Vázquez), que realizan servizos dende a vila ata a Coruña, Santiago de Compostela ou Cee, tal e como se recolle na seguinte táboa de datos de marzo de 2014.



LUNES - VIERNES					SABADO					DOMINGO Y FESTIVOS				
Salida	Empresa	Transbordo	Hora	Empresa	Salida	Empresa	Transbordo	Hora	Empresa	Salida	Empresa	Transbordo	Hora	Empresa
<b>CAMARIÑAS - A CORUÑA</b>					<b>CAMARIÑAS - A CORUÑA</b>					<b>CAMARIÑAS - A CORUÑA</b>				
6:30	Vázquez				9:00	Vázquez	Vimianzo	9:30	Vázquez	10:10	Vázquez	Vimianzo	10:40	Vázquez
11:15	Vázquez	Vimianzo	11:55	Vázquez						18:40	Vázquez			
<b>A CORUÑA - CAMARIÑAS</b>					<b>A CORUÑA - CAMARIÑAS</b>					<b>A CORUÑA - CAMARIÑAS</b>				
8:15	Vázquez	Baio	9:20		8:00	Vázquez	Vimianzo	9:30	Vázquez	9:15	Vázquez	Vimianzo	10:20	Vázquez
16:00	Vázquez	A Ponte	19:31	Monbus	15:30	Vázquez				14:30	Vázquez			
Viernes 19:45	Vázquez	Baio	20:50	Aucasa						17:00	Vázquez			
<b>CAMARIÑAS - SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>					<b>CAMARIÑAS - SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>					<b>CAMARIÑAS - SANTIAGO DE COMPOSTELA</b>				
6:30	Vázquez	Baio	9:20	Aucasa	9:00	Vázquez	Baio	9:40	Aucasa	10:10	Vázquez	Baio	10:55	Aucasa
Lunes y Viernes 8:25	Aucasa									18:40	Vázquez	Baio	19:20	Aucasa
<b>SANTIAGO COMPOSTELA - CAMARIÑAS</b>					<b>SANTIAGO COMPOSTELA - CAMARIÑAS</b>					<b>SANTIAGO COMPOSTELA - CAMARIÑAS</b>				
Lunes y Viernes 19:45	Aucasa									9:00	Aucasa	Baio	10:20	Vázquez
<b>CAMARIÑAS - CEE</b>														
7:00	Monbus													
9:55	Vázquez	Muxia	10:30	Monbus										
15:30	Monbus													
<b>CEE - CAMARIÑAS</b>														
10:15	Vázquez													
12:45	Monbus													
18:30	Monbus													

### 5.3.3. Redes de servizo.

A información dos servizos urbanísticos coa que conta o equipo redactor do PEPRIC é a seguinte:

- Segundo a información dispoñible ata o momento, a práctica totalidade das rúas do C.H. dispoñen de rede de **abastecemento** de auga, procedente da captación realizada en Ponte do Porto. Os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais (EIEL) da Deputación Provincial da Coruña reflicten que as conducións existentes son maioritariamente de PVC con diámetros de entre 125 e 50 , en canto as localizadas na fronte do porto serían de fundición de diámetro 100. O PXOM de Camariñas establece unha dotación de consumo de auga de 270 l/día por habitante en referencia ao recollido no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa.
- No que se refire ao **saneamento** a rede existente no solo urbano recolle e conduce por gravidade os efluentes cara á zona portuaria dende onde son enviados mediante bombeo ata a nova EDAR situada preto da punta do Castelo(I-006), onde son tratados. Esta EDAR está deseñada para unha capacidade de 5000 hab/eq.
- O subministro de **enerxía eléctrica** realízao tanto na vila de Camariñas como no resto do concello Unión Fenosa a través de dúas liñas de media tensión que percorren o termo municipal, con orixe na subestación de Vimianzo. O servizo é de boa calidade pero aéreo, co cal a presenza de cables no interior da vila diminúe a súa calidade escénica da mesma.
- O **alumeado** do ámbito do PEPRIC conta cuns 179 puntos de luz, de características variables aínda que o máis común é a da luminaria con carcasa metálica montada en fachada ou en soporte de formigón armado, e que emprega luminarias de baixa ou media eficiencia enerxética. As prestacións do alumeado son en xeral baixas tanto en iluminación como en consumo.

- En canto a **telefonía** tanto a capital municipal como o resto dos asentamentos contan con telefonía fixa e ADSL existindo unha centraliña na rúa Río do Prado. O servizo de telefonía móbil emprega diversas antenas tanto localizadas dentro do ámbito do PEPRIC como en zonas próximas.

As redes de **enerxía eléctrica** e de **telefonía** acadan a toda a veciñanza, cun servizo aceptable. Pero o tendido de cable é desaxeitado na maioría dos casos percorrendo polas fachadas e sobre as rúas como norma xeral.

Xa que logo terá que ser **obxectivo do Plan Especial o prever solucións para estes tres últimos servizos** (enerxía eléctrica, telefonía e alumeados), así como actuar naqueles outros casos no abastecemento e saneamento cando se produzan fugas ou as redes presenten problemas locais.



Exemplo de presenza tendidos aéreos que contribúen a empeorar a imaxe do Casco Histórico.



Exemplo do mantemento moi estendido de luminarias pouco acaídas para o ámbito.

#### 5.3.4. Recollida de residuos sólidos urbanos.

As propias características do Casco Histórico de Camariñas, con rúas moi estreitas sobre todo na súa zona central, dificultan a recollida de residuos sólidos das distintas fraccións tanto por non haber posibilidades de que accedan os vehículos de recollida, como polo escaso espazo dispoñible para a localización dos contedores, aspectos que se deberán ter moi en conta para valorar en que medida é posible mellorar o servizo actual. Existen varios puntos de contribución múltiple (fracción xenérica, envases, e vidro principalmente, con algúns casos nos que tamén se recolle cartón) localizados nalgunha das rúas máis importantes, e polo xeral naquelas zonas de bordo con espazos máis amplos, tendo que percorrer unha distancia maior cara eles aqueles veciños que viven nas inmediacións de rúas de menores dimensións.



Exemplo do reducido da sección dalgunhas rúas do ámbito.



Contenerización das marxes e rúas principais do PEPRIC.

Así pois na capital municipal e polo tanto no ámbito do PEPRIC realízase unha recollida selectiva de residuos sólidos urbanos mediante contedores en superficie das catro fraccións principais:

- Os residuos orgánicos recólleos o Concello con medios propios de luns á sábado e son trasladados a SOGAMA dende a planta de transferencia de Santa Comba. Tópanse uns 27 contedores dentro ou nas zonas inmediatamente adxacentes ao ámbito.
- Os envases recólleos a empresa Grupo Soil cunha periodicidade de un día á semana. O número de contedores desta fracción dentro do espazo do PEPRIC é de aproximadamente 12.
- O vidro recólleo a empresa INGALP cunha periodicidade mínima de unha vez ao mes, ou antes a demanda. Existen catro contedores para estes residuos dentro da delimitación do PEPRIC.
- No que se refire ao monomaterial papel-cartón a empresa que o recolle é COREGAL, que pasa unha vez á semana cando menos. Só se localizan dous contedores en todo o ámbito do pan especial.
- Realízase recollida de aceites domésticos en certos puntos da vila sendo a empresa encargada de tal labor Protección Medioambiental S.L. (PMA).

- Os residuos de obra son recollidos por persoal municipal e transportáanse directamente para o seu reciclado á empresa SIAVI, que os procesa nas súas instalacións.
- Outros residuos voluminosos son recollidos por parte do persoal do Concello o último venres de cada mes.
- A recollida de pilas é realizada pola empresa LIMCO a demanda.

O punto limpo máis próximo atópase en Muxía no núcleo de Muíños a uns 9 km do límite do termo municipal de Camariñas. Dentro das propostas do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Camariñas contéplase a intención de construír un punto limpo dentro do solo urbanizable industrial localizado na entrada da vila de Camariñas co obxectivo, entre outros, de mellorar a recollida selectiva a nivel municipal.

O PEPRIC deberá estudar a mellor forma de potenciar o sistema de recollida selectiva evitando os efectos negativos negativos (cheiros, imaxe non acaída dos puntos de contribución, etc.) que o actual sistema pode supor.

#### 5.4. DOTACIONES URBANISTICAS.

##### 5.4.1. Equipamentos.

No ámbito do Casco Histórico da vila teñen acubillo os seguintes equipamentos, que se identifican coas claves coas que se poden localizar nos planos:

- a) **Administrativo.** No C.H. sitúase o edificio que acubilla o Centro Municipal de Iniciativas Empresariais (E-055) dedicado ao fomento do emprego, localizándose na rúa Río do Prado esquina rúa Real. Atópase en bo estado.
- b) O **Servizo de Correos** , situado na planta baixa dun edificio de vivendas no número 4 da rúa Cantón da Leña. Está en bo estado.
- c) Como **equipamento de carácter relixioso** localízase tanto a igrexa parroquial de San Xurxo (E-038) situada entre as rúas da Grixá, avenida Eugenio López e rúa Virxe do Monte ao norte do ámbito do PEPRI, e a capela do Carme (E-066), que se encontra ao sur nas marxes da rúa do Río moi próxima á zona do porto.
- d) A carón da igrexa parroquial atópase o cemiterio (E-013) na esquina da rúa Virxe do Monte e da avenida Eugenio López.
- e) Inmediatamente lindeiras coa igrexa municipal e o cemiterio en dirección sur atópanse tanto o CEIP de Camariñas (E-035) como a gardería municipal (E-E-040) respectivamente, ambas instalacións con uso educativo dando fronte á avenida Eugenio López. As instalacións atópanse en bo estado.

Como resumo podemos recoller os datos básicos destes equipamentos existentes no cadro seguinte:

Clave	Nome	Clase	Ordenación	Uso	Superficie (m <sup>2</sup> )
E-013	CEMITERIO CAMARIÑAS	SL	EX	CE	1.494,88
E-035	CEIP CAMARIÑAS	SX	EX	ED	7.543,11
E-038	IGREXA DE SAN XURXO	SL	EX	RE	1.943,38
E-040	GARDERÍA MUNICIPAL	SX	EX	ED	3.935,68
E-055	FOMENTO DE EMPREGO	SX	EX	AD	275,29
E-066	CAPELA DO CARMEN	SL	EX	RE	101,70
					<b>15.294,04</b>

As edificacións correspondentes ao sistema xeral acadan unha superficie de 11.754 m<sup>2</sup>, en tanto que as de sistema local chegarían aos 3.539 m<sup>2</sup>.

Por outra parte no PXOM de Camariñas recóllense tres novos equipamentos de sistema local propostos, dous para uso asistencial e un terceiro para usos educativos, cunha superficie

conxunta de 2.879 m<sup>2</sup>:

Clave	Nome	Clase	Ordenación	Uso	Superficie
E-012	EDUCATIVO PROPOSTO	SL	PR	ED	1.823,61
E-015	ASISTENCIAL PROPOSTO	SL	PR	AS	674,75
E-085	ASISTENCIAL PROPOSTO	SL	PR	AS	381,46
					<b>2.879,82</b>

O primeiro deles localizarase na parcela 5156802, que xa se atopa parcialmente edificada, e dando fronte á rúa da Fonte.

No segundo caso empregaríanse as parcelas 18,19 e 20 da couzada 52579 (na zona que fai esquina entre a Rúa San Xosé e a Rúa Real-Avda Eugénio López) das cales a última atópase edificada.

Por último, o terceiro equipamento propónse levar a cabo nas inmediacións da rúa do Turco empregando as parcelas 08,09,10 e 15 da couzada 52563 do catastro.

Xa fóra do ámbito do Casco Histórico, aínda que adxacente a el atópanse os seguintes equipamentos:

- O tanatorio municipal (E-084) na rúa Sotavento, que se atopa en construción.
- O centro de saúde do Instituto Social da Mariña (E-056) e o edificio da Asociación de Xubilados Vilán (E-078) na rúa Río do Prado.
- O mercado (E-069) na esquina das rúas Trashortas e do Río.

#### 5.4.2. Espazos libres e zonas verdes.

Coma adoita acontecer con todos os Cascos Históricos o nivel dotacional no eido dos espazos libres e zonas verdes de carácter público non é moi elevado, tratándose en moitos casos de pequenas prazas acondicionadas dentro dun tecido polo demais moi denso.

No interior C.H. de Camariñas a oferta de espazos libres cínxese aos seguintes:

Clave	Nome	Clase	Ordenación	Superficie (m <sup>2</sup> )
L-016	EL IGREXA SAN XURXO	SL	EX	201,64
L-023	PRAZA MAIOR	SL	EX	487,40
L-087	EL RÚA DA RAMPA	SL	EX	120,19
L-096	PRAZA DO CARMÉ	SL	EX	428,63
L-150	EL CAPELA DO CARMÉ	SL	EX	212,44
L-162	EL PRAZA DO CURRO	SL	EX	222,03
L-163	EL CANTÓN DA LEÑA	SL	EX	284,31
				<b>1.956,63</b>

Con respecto ao recollido no PXOM incorpóranse os espazos L-162 e L-163 que son dúas pequenas prazas acondicionadas recentemente e que non figuran no documento de ordenación



xeral. Tamén o L-023 ten máis superficie que a contemplada no PXOM debido á medida máis precisa que permite a cartografía a escala 1/500 sobre o espazo realmente executado como espazo libre.

Pola súa banda no plan xeral tamén se recolle a ampliación do espazo libre L-096 o que suporá a demolición da construción identificada como 061, situada na parcela catastral 5153301.



Estrutura da edificación con clave 061 a demoler para ampliar o L-096.

Clave	Nome	Clase	Ordenación	Superficie (m <sup>2</sup> )
L-096	PRAZA DO CARME	SL	PR	241,53

Así pois como se acaba de sinalar a superficie de espazos libres existentes só acada un valor de 1.880 m<sup>2</sup> o cal supón un rateo por habitante realmente baixo. O feito de que a zona portuaria estea localizada fóra do ámbito do PEPRI tamén priva a este de contar cun espazo libre de referencia con carácter de sistema xeral, cuestión sobre a que deberán reflexionar as propostas do antedito PEPRI.

De calquera xeito hai que ter en conta que nun C.H. os espazos libres de uso e dominio público non se poden cinxir ás prazas, parques ou xardíns, pois aquí é alta a proporción de viario peonil - de imposible ou limitada utilización polos vehículos de motor- que, en boa lóxica vén constituír tamén unha achega ao sistema de espazos libres.

## 5.5. EDIFICACIÓN.

### 5.5.1. Alturas.

Na totalidade das parcelas do ámbito existen unhas 659 edificacións, as cales con respecto á súa altura distribúense do seguinte xeito:

Nº de Plantas/Sit.	1	2	3	4	5	Ruína.	Construción	Hórreos.	Totais.
Nº de Edif.	263	234	88	41	9	7	2	15	659
%	39,9	35,50	13,40	6,20	1,40	1,10	0,3	2,3	100

Como pode observarse, o 75% das edificacións existentes atópanse encadradas entre unha e dúas alturas, chegando ata case o 89 % se se inclúen ademais as de ata tres plantas. Con todo o realmente importante, no senso do impacto negativo que produce, é que existan un 7,40 % de edificacións que superen as tres alturas, e que son, non só pola propia agregación de pisos, senón tamén polas volumetrías que conforman e as envolventes empregadas, nun proceso de excesiva densificación sen moito sentido e con nula preocupación pola escena urbana, un auténtico atentado que desvirtúa a imaxe da vila, en especial o da súa zona orixinaria.

### 5.5.2. O estado da edificación.

O cadro que logo reproducimos reflicte o estado de conservación no que se atopa o conxunto da edificación do Casco Histórico, tal e coma este se delimita no presente Plan Especial.

Para a análise da conservación establecéronse catro baremos:

- 1) Edificación en **bo** estado, ou sexa que non precisa ningunha clase de obras de mellora.
- 2) Edificación en estado **regular** ou que reúne as condicións **suficientes** para o uso que se destina, por máis que precise de pequenas obras de reparación dalgún elemento.
- 3) Edificación en **mal estado**; ou sexa, aquela que precisa de obras de porte, mesmo de carácter estrutural, para a súa recuperación.
- 4) Obra en **estado ruinoso**; aquelas que coma o seu nome indica, ofrecen un estado incompatible co seu uso, agás que se reconstrúan por completo.
- 5) Obra en **construción**; son aquelas nas que se están a levar a cabo no momento de realización do traballo de campo obras de certa entidade de calquera tipo.

ESTADO	Recentes (%)	Tradicionais (%)	(% sobre o total)
BO	69	53	63,91
REGULAR	28	27	27,82
MALO	1	4	1,80
RUINOSO	0	15	4,96
EN CONSTRUCCIÓN	2	1	1,50
TOTAL	100%	100%	100%

Coma se pode comprobar, o 63,91 % da edificación presenta un estado de conservación que non precisa investimentos para o seu mantemento, mentres que o 36,09 % si as precisa, polo seu estado, regular, malo ou ruinoso. A cifra do 4,96% de edificación en estado ruinoso é considerada normal en cascos históricos.

No que se refire aos datos referidos á estrutura tradicional ou recente das edificacións, polo xeral, as máis recentes atópanse en mellor estado de conservación, aínda que as diferenzas non son moi notables, agás no que se refire ás construcións en estado ruinoso as cales se corresponden en exclusiva a edificacións antigas.

### 5.5.3. Tipoloxías.

Aparte dos edificios máis relevantes coma podan ser a capela do Carme ou a igrexa parroquial de San Xurxo, que son anteriores, no C.H. da vila a meirande parte da edificación actual constrúese principalmente nos séculos XIX e XX, con algunhas edificacións que puideran manterse dende o século XVIII, segundo os datos dispoñibles.

Dentro das tipoloxías tradicionais que se poden recoñecer, aínda a día de hoxe, dentro do ámbito do PEPRI de Camariñas estarían as seguintes:

- a) **A vivenda mariñeira**, localizada principalmente nas inmediacións da liña da costa, así como nos estreitos rúeiros que parten dende o mar cara ao interior da vila, conta con unha ou dúas plantas, xeralmente, de **pouca altura**, con paramentos exteriores construídos con **cachotería**, revestida de cemento e caleadas ou pintadas. Adoita ter poucos ocós, tanto na planta baixa coma na alta, cuberta a dúas augas, carpinterías moi sinxelas de madeira e cubrición de tella, sendo reducida a presenza de elementos como patíns ou corredores. Dentro do ámbito do PEPRI quedan a día de hoxe, poucos exemplos deste tipo de edificacións pois foron substituídas por outras de maior altura e diferente e máis recente construción sobre as parcelas orixinarias.



Casa mariñeira onde o muro piñón configúrase en fachada.

- b) **A casa labrega**, o feito de que ao norte da vila de Camariñas se localice unha agra orientada ao sur, con abundante pluviosidade e resgardada dos envites do forte vento procedente do mar, por pequenos outeiros, deu pé á aparición de pequenos asentamentos algo afastados da costa onde a tipoloxía edificatoria ten máis que ver coas actividades agropecuarias que coas da pesca ou o marisqueo. Estas construcións comparten coas casas mariñeiras os materiais dos seus paramentos, cubricións de tella en cubertas principalmente a dúas augas e carpinterías de madeira con pequenos ocos e tecnoloxías sinxelas, pero a diferenza daquelas pódense atopar nalgúns casos patíns na construción principal, así como a aparición doutros elementos auxiliares, das cales os máis representativos son os hórreos, algo que a día de hoxe aínda é recoñecible pola existencia dalgún conxunto nas inmediacións da igrexa de San Xurxo, onde se manteñen algúns exemplos desta tipoloxía de casa labrega que conta polo xeral cunha finca onde cultivar ou almacenar produtos do campo, como contraposición da vivenda mariñeira na que as parcelas son moito máis reducidas. O crecemento da vila dende a costa en dirección á zona da igrexa parroquial supuxo a incorporación destes pequenos espazos edificados de colonizacións agrícolas dentro do tecido da vila; o paso do tempo e a falta de sensibilidade a prol da súa rehabilitación están facendo, como acontecía no caso da tipoloxía anterior, que un mal entendido “progreso” elimine todo vestixio do pasado e dunha forma de ser cando menos máis racional con respecto ao medio no que se insire.



Imaxe de vivenda nas zonas de cultivo ao norte da vila.

- c) A **vivenda dunha pequena burguesía** que amosa solainas, tanto abertas con varandas de fundición ou outros materiais, así como pechados con galerías configurando miradoiros, e descansando maioritariamente sobre canzorros, que adoitan ter unha planta media ou media-grande, para o que era o parcelario, e con variantes de grande diversidade no que fai ao número de ocos, onde se atopan entre outros elementos as portasdaire na planta residencial. Trátase de edificios construídos en fábrica de pedra de diversa feitura, sendo moi habitual a cachotería careada reforzada en ocos e esquinas, con muros de relativamente grande grosor e cubertas de estrutura de madeira, xeralmente a dúas augas, con cubrición de tella curva do país. Moitas destas edificacións leváronse a cabo durante a expansión da vila "terra dentro" cara a zona norte, que era o lugar onde había espazo dispoñible para o asentamento da poboación en parcelas de maior dimensión, unha vez ocupadas as mellores zonas da fronte do mar. En certos casos estas vivendas contan con terreo libre na súa parte posterior, con importantes peches realizados tamén en fábrica de pedra.



Vivendas na zona da praza Maior.

Por outra banda, como se comentou xa noutros apartados, o paso do tempo fixo que as novas necesidades, a presión sobre a costa, e a incorporación de modelos construtivos alóctonos, onde o que primaba era o máximo aproveitamento do solo sen reflexionar na adecuación ou non do construído a imaxe e escala da vila, trouxo como consecuencia a destrución sistemática do tecido mediante a incrustación de edificacións en altura, tanto unifamiliares como de vivenda colectiva, que nada teñen que ver coa esencia e o carácter do anterior e que supoñen unha importante diminución da calidade na paisaxe litoral en xeral, e da capital municipal en particular. A falla de instrumentos de planificación axeitados en períodos con moita demanda construtiva como foron os anos das décadas finais do século XX e o comezo do XXI, supuxeron a desaparición de gran parte da memoria construída da vila, facendo moi difícil o retorno a unha situación de menor agresión que a actual, onde por exemplo edificios de ata cinco plantas se erguen en rúas que xa eran estreitas para as que tiñan anteriormente de dúas, pois o feito é que, aínda que a día de hoxe se muden as normas, seguirá aínda longo tempo como unha ferida aberta todo o que se ten desvirtuado con actuacións pouco afortunadas.



Imaxe da zona central do ámbito xunto ao porto, que mostra a que nos pode levar un crecemento sen control.

#### **5.5.4. A edificación que precisa de especial protección polos seus valores histórico-artísticos, arquitectónicos ou urbanísticos.**

Dentro do ámbito do PEPRI, o catálogo PXOM de Camariñas, recentemente aprobado xa localiza 51 elementos que son merecentes de protección singularizada, e que clasifica en atención á súa importancia, segundo os graos de protección integral, estrutural e ambiental. Dentro do integral que é o de cautela maior atopámonos a igrexa e cemiterio parroquiais, a capela do Carme, un escudo, un conxunto de hórreos, un cruceiro e algunha edificación, en total son 6 elementos, dentro do nivel estrutural atopamos 16 elementos referidos basicamente a edificios residenciais, en tanto que no que atinxe ao nivel ambiental o número é maior, acadando os 29 elementos, en tódolos casos edificacións residenciais. Se temos en conta a tipoloxía, 2 elementos serían relixiosos, 1 un escudo, 1 un cruceiro, 1 un conxunto de hórreos na zona norte do ámbito e 46 edificacións residenciais. Polo xeral, o patrimonio catalogado atópase en bo estado, agás algunhas excepcións nas que poden observarse danos polo paso do tempo ou intervencións non acaídas sobre o ben concreto.

Con todo, aínda se bota en falta a incorporación dalgún elemento como diversos hórreos que se localizan illados en diversas zonas do ámbito do PEPRI do casco histórico da vila da Camariñas.

A continuación relaciónanse os elementos xa catalogados, incluídos dentro da zona correspondente ao PEPRI<sup>9</sup>:

Clave	Tipoloxía	Nivel de protección
A_059	Civil	Ambiental
A_060	Civil	Ambiental
A_061	Civil	Ambiental
A_062	Civil	Estrutural
A_063	Civil	Estrutural
A_064	Civil	Estrutural
A_065	Civil	Estrutural
A_066	Civil	Estrutural
A_067	Civil	Estrutural
A_068	Civil	Ambiental
A_069	Civil	Ambiental
A_070	Relixiosa	Integral
A_071	Civil	Ambiental
A_072	Civil	Estrutural
A_073	Civil	Ambiental
A_074	Civil	Ambiental
A_075	Civil	Estrutural
A_076	Civil	Ambiental
A_077	Civil	Ambiental
A_078	Civil	Estrutural
A_079	Civil	Ambiental
A_080	Civil	Estrutural
A_081	Civil	Estrutural
A_082	Civil	Ambiental
A_084	Civil	Estrutural
A_085	Civil	Integral
A_086	Civil	Ambiental
A_087	Civil	Ambiental
A_088	Civil	Ambiental
A_089	Civil	Ambiental
A_090	Civil	Ambiental
A_091	Civil	Ambiental
A_092	Civil	Ambiental
A_093	Civil	Ambiental
A_094	Civil	Estrutural
A_095	Escudo	Integral
A_096	Civil	Ambiental
A_097	Civil	Ambiental
A_098	Relixiosa	Integral
A_099	Civil	Ambiental
A_100	Civil	Ambiental
A_101	Civil	Ambiental
A_103	Civil	Estrutural

<sup>9</sup> Fonte: Catálogo do PXOM de Camariñas.



Clave	Tipoloxía	Nivel de protección
A_105	Civil	Ambiental
A_106	Civil	Estrutural
A_107	Civil	Ambiental
A_108	Civil	Estrutural
A_109	Civil	Ambiental
A_185	Civil	Ambiental
E_004	Cruceiro	Integral
E_012	Hórreos	Integral

## 5.6. A ESCEA URBANA.

A vila de Camariñas é un asentamento costeiro localizado no interior da ría homónima e sobre uns terreos, en xeral bastante chairros ou de pouca pendente orientados ao sueste, de boas aptitudes agrícolas enmarcados e abrigados dos ventos máis fortes do norte por pequenos outeiros, entre os cales destacaría o monte da Atalaia e de Castelo ao oeste e o monte das Seixas ao norte, na zona costeira o desenvolvemento urbano da capital abrangue os terreos dende a Punta do Castelo (no suroeste) ata a praia de Area de Vila (ao nordés).

O Casco Histórico da Vila, tal e como se delimita no PEPRI ocupa boa parte da fronte da costa, basicamente entre as puntas Insua e do Castelo, onde se localizou o asentamento orixinal do núcleo, así como as primeiras zonas de crecemento cara ao norte ata as inmediacións da Igrexa de San Xurxo.

A fronte litoral da Vila, da cal boa parte se corresponde ao Casco Histórico presenta distintas zonas:

- a) A **zona de borde litoral rochoso** (dende a praia de Area da Vila ata Punta Insua).
- b) A **zona portuaria**, na que se atopa incluída a fronte do Casco Histórico ao mar e que segue, xa fóra do ámbito, ata as inmediacións da Punta do Castelo.

As zonas da costa non antropizadas, é dicir as que non se corresponden coa zona portuaria, presentan polo xeral pequenas ou moderadas pendentes, agás na zona da Punta do Castelo onde son de maior relevancia, así como moi abundosa presenza de afloramentos rochosos nas inmediacións do contacto entre a terra e o mar, moi evidentes con marea baixa.

A paisaxe urbana dende o mar ten como claro referente as instalacións do porto que abranguen unha boa porción de terreos gañados ao mar, con grandes plataformas con acabados en distintos materiais, así como diversas construcións. No que se refire á edificación, a calidade da escena urbana atópase moi desvirtuada pola heteroxeneidade e a falta de adecuación de moitas das intervencións levadas a cabo, xa que se teñen perdido aqueles aspectos que permitirían realizar unha lectura de conxunto seguindo unhas certas pautas de coherencia: escala, volume, materiais, e o que ten sucedido é un “todo vale” nunha fuxida cara adiante onde o que conta na maior parte dos casos é a resolución das necesidades individuais, de costas ao que supuña esa intervención na confección da totalidade do Casco Histórico e por extensión da Vila.

Así pois, as construcións tradicionais, mariñeiras, campesiñas ou vilegas, foron dando paso a edificacións en altura na zona máis próxima á costa, chegándose ata cinco plantas de altura en zonas con viarios que practicamente só poden ser peonís polo reducida da súa sección, grandes volumetrías de vivenda colectiva no medio de zonas con vocación claramente de ocupación de

vivenda unifamiliar, onde é necesaria unha gradación dende as zonas máis densas lindeiras coa zona portuaria cara ás máis rurais dos núcleos que rodean a capital, e substitución de materiais e texturas que achegan riqueza e expresividade tanto a nivel de rúa como de conxunto, a outros máis xenéricos que contribúen á perda de valor da escena urbana. Xa na escala máis do detalle tamén se podería sinalar a falta de solución de elementos importantes á hora da percepción do espazo como é o caso do mobiliario urbano, ben polas súas prestacións, localización ou ausencia nalgúns casos.

Obxectivamente, a día de hoxe, é difícil atopar dentro do ámbito do Casco Histórico de Camariñas espazos onde se poida percibir unha certa coherencia entre as intervencións privadas e incluso da propia intervención no espazo público, e a lectura que un camiñante poderá ter en certas partes é que se atopa nun asentamento hipertorfiado, con rúas nas que o asollamento está limitado pola existencia de edificacións excesivamente elevadas nas súas marxes, onde non existen unhas prioridades na estética das súas superficies, e tanto o solo como as fachadas son froito do sempre venturoso azar máis que dunha reflexión seria, dun labor coordinado para mellorar con cada nova obra que se leva a cabo. Por outra parte, bótase moi en falta no interior dun tecido tremendamente compacto, a existencia de zonas verdes e espazos libres que permitan o contacto entre os veciños e o goce do seu tempo de lecer, tendo que ser as instalacións portuarias as que asumen case en exclusiva o cometido de zona de relación, impedíndose ese vínculo que podería darse entre os veciños e os espazos de encontro inmediatos ás súas vivendas, perdéndose a oportunidade de que a rexeneración do espazo público poida servir de catalizador para revitalizar o tecido e mellorar a súa imaxe e as súas condicións de vida.

No que se refire ao rueiro, este, agás zonas moi concretas, como é a zona do porto e algunhas das rúas principais (estrada do Vilán, rúa Real, rúa Calvario, rúa Areal, etc), é de bastante pequena dimensión, tendo que ser empregado en moitos casos case exclusivamente de xeito eminentemente peonil, polo reducido da sección e a falta de zonas de estacionamento. Este último aspecto, moi común nos cascos históricos pola súa propia xénese e desenvolvemento, non achega o valor engadido para o peón de sentirse dentro dun espazo que ten unha escala recoñecible e relacionada con el mesmo, debido principalmente ás cuestións que anteriormente se sinalaron, en especial no que se refire a como en tempos recentes se interveu substituíndo construcións que si podían participar da idea de conxunto dende a súa individualidade a elementos totalmente fóra de toda lóxica dende a óptica da súa envergadura, aspecto, etc.

Como característica valorable tamén é de xustiza dicir que aínda se poden atopar certos exemplos de boa arquitectura, e aquelas edificacións tradicionais que se teñen mantido, axudan a mellorar a imaxe das zonas nas que se localizan e permiten valorar a importancia de todo o que se perdeu.

Os fitos urbanos máis relevantes situados dentro do ámbito do Casco Histórico son a igrexa

parroquial de San Xurxo e a capela do Carme, así como diversas edificacións residenciais que xa se catalogaron oportunamente no documento do PXOM de Camariñas, e no que atinxe ao espazo urbano serían a praza Maior, a praza de Colón, a rúa Real, ou a rúa Eugenio López entre outras. Non se cita o porto, pois aínda que é un dos de maior importancia e o de maior extensión atópase fóra do ámbito do Casco Histórico, así como sucede tamén co castelo do Soberano, moi presente na imaxe de conxunto da vila no seu extremo sur.

Está claro tamén que a visión dende puntos elevados é distinta á que se pode ter circulando polas rúas do ámbito do PEPRI, así pois dende estas privilexiadas zonas de observación aínda son posibles distinguir anacos da trama tradicional nas zonas onde a presenza de edificacións de moita altura aínda non é maioritaria, xa que nestes últimos casos a sensación de desorde que transmiten é bastante grande e desalentadora. Tamén os acabados das cubertas na súa aleatoria variedade de formas e materias combinadas cos excesos volumétricos e formais anteriormente citados contribúen a que a calidade da paisaxe urbana sexa baixa.

Outro impacto negativo máis local, aínda que non de menor importancia, é a presenza de instalacións como os cables dos servizos urbanísticos sobre as vías ou ao longo das fachadas das construcións, o que repercute no aspecto do espazo urbano, diminuíndo a súa beleza e xerando unha sensación de máis desorde e falta de planificación.

## 6. CONCLUSIONES.

A impresión que pode quedar unha vez lida a presente memoria é a de que o plan especial do Casco Histórico de Camariñas chega tarde en moitos sentidos, e que se ten perdido un importante capital e oportunidades clave para fortalecer a imaxe da vila como un referente dentro da Costa da Morte e da propia Comunidade Autónoma, e en certa forma pode que sexa así. Con todo, tamén é certo que nos anos de construción urbanística desaforada como os da burbulla inmobiliaria o feito de ter un plan especial por si mesmo non ten porque levar a unha maior protección do núcleo, xa que son moitos os factores e intereses que xogan a prol e en contra de que o desenvolvemento se faga dunha ou outra forma, entre eles a propia vontade dos veciños e a actitude das distintas administracións competentes, uns e outros moitas veces non demasiado implicados naqueles labores máis complexos e ingratos na xestión no caso das administracións, e de maiores limitacións no que respecta aos administrados.

Pode ser xa que logo o momento actual, o punto de partida acaído, non para unha recreación do pasado que está claro que non vai volver, senón para, liberados das presións urbanísticas de antano e pondo en valor todo aquilo que é valioso, pór en marcha un proxecto de vila no que o seu Casco Histórico sexa un lugar que achegue á paisaxe un espazo ordenado, agradable, proporcionado e de calidade, contribuíndo a que Camariñas vaia recuperando o seu papel de referente na Costa da Morte, non só polas súas impresionantes paisaxes naturais senón tamén por aquelas actuacións nas que a pegada do home se fai patente dun xeito non agresivo co medio onde se desenvolve.

Así pois, como resumo exporanse a continuación aquelas cuestións que se entende que o PEPRI en redacción debería ter en conta á hora de formular as súas propostas.

- Da análise da realidade existente, e tendo en conta as posibilidades reais de modificala, deberá proporse unha ordenación acaída ao Casco Histórico, con vontade de solucionar os problemas detectados, sen causar outros novos. A regulación mediante ordenanzas de edificabilidades, volumetría e alturas van a xogar un papel fundamental neste eido.
- Constatada falta de espazos libres e zonas verdes no interior do ámbito do PEPRI, en especial dalgún que incluso puidera ser considerado como referente e mesmo dentro dos previstos como sistema xeral, estudaranse as posibilidades de incremento do estándar actual.
- Aínda que o número de edificacións en mal estado non é moi elevado, dado que normalmente as que si o están soen ser de tipo tradicional, debería potenciarse a súa rehabilitación fronte a demolición das mesmas.
- Aínda que neste momento, mentres se está á espera de recibir máis información sobre os servizos urbanísticos existentes, e por iso mesmo, non se pode facer unha análise en

detalle do nivel dos mesmos e das melloras precisas, si se pode avanzar que o abastecemento e o saneamento teñen unha máis extensa e mellor implantación, en tanto que outros como os servizos, eléctricos, de telefonía, de iluminación ou de recollida de residuos presentan unha maiores necesidades de mellora, tendo que ver esta nalgúns casos, como no das luminarias, tanto coas prestacións técnicas como coas estéticas.

- Debe levarse a cabo unha reflexión sobre a imaxe urbana que se quere conseguir para dese xeito establecer cales serán os criterios de actuación sobre o espazo público e os esixibles aos propietarios privados.
- É necesaria unha ordenación do viario e das súas características, pensada non só dende a óptica dos acabados senón incorporando esixencias de mellora da accesibilidade para as persoas discapacitadas ou con mobilidade reducida. Neste apartado tamén ten moito que ver o mobiliario urbano, a sinalización e o alumeadado.
- Condición que se entende imprescindible é o soterrado de todo tipo de redes e o estudo de como se pode mellorar a recollida de residuos sólidos urbanos actuais.
- Deberíanse artellar iniciativas de fomento da rehabilitación a través de programas de axudas públicas como a declaración dun ARI dentro do ámbito do PEPRI, ou outro tipo de medidas fiscais, para desta forma animar aos propietarios á recuperación e ornato das súas propiedades, xa sexan estas residenciais, comerciais, etc.
- Deberíase levar a cabo, preferentemente en construcións rehabilitadas, edificacións destinadas a vivendas de protección oficial en réxime de propiedade ou alugueiro, así como a recuperación de espazos onde se podan implantar novas actividades comerciais.
- Na actual sociedade da información é clave a potenciación da cobertura e prestacións das novas tecnoloxías para que sexan o máis accesibles posibles aos seus potenciais usuarios.
- Terán que terse en conta nas propostas do PEPRI, aqueles aspectos de mellora ambiental e de eficiencia enerxética que contribúan na medida das súas posibilidades á loita contra o cambio climático, en favor da diversificación e emprego de enerxías renovables e en definitiva a prol da sostibilidade na explotación e consumo dos recursos coa menor posible xeración de residuos e contaminación de todo tipo.

Vigo, Decembro de 2021.

Asdo. Calixto Escariz Vázquez.

Director do Equipo Redactor do PEPRI de Camariñas.